

## cultura

O Auditorio Gustavo Freire presenta o seu programa de actividades para este ano. **Pax. 7**

## sociedade

A subdelegada do Goberno inaugura o novo xulgado de Primeira Instancia. **Pax. 8**

## economía

Os dous grupos políticos no Goberno local fan un balance da súa legislatura. **Pax. 15**

## infraestruturas

Licitan a peonalización da praza de Santo Domingo e a rúa Teatro. **Pax. 20**

## zona rural

Inauguran unha nova senda peonil entre Carballido e Manzoi. **Pax. 21**

# Os propósitos do 2023

Diferentes colectivos presentan unha listaxe de desexos para este novo curso que comeza co obxectivo de impulsar o seu traballo



## O Concello de Lugo presenta os orzamentos

BNG e PSOE acordan o aumento no investimento e o reforzo das políticas sociais. **Pax. 13**

## Coa finalización do ano rematan varias obras

Abre ao tránsito a esquina de San Roque coa ronda da Muralla, tras 30 anos de pasarela. **Pax. 19**

## A Deputación aproba o Plan Único do 2023

Destinará 21,5 millóns aos concellos para desenvolver distintas actuacións. **Pax. 26**

## A Volta do Agro



Entrevista a Senén Montero, membro deste colectivo cultural. **Pax. 6**

## Volve a Liga de fútbol



Todas as categorías fixeron un descanso durante dúas semanas. **Pax. 27**

## Club Judo Lugo



Falamos con Iván Carballeira, actual coordinador e adestrador. **Pax. 28**

**Viaja de forma diferente... a tu aire**

**Yakart autocaravanas**

Crta. de Santiago N. 540 Km 4.5  
27210, Lugo  
Tel.: 982 283 051  
info@yakartautocaravanas.com  
www.yakartautocaravanas.com

## A FONDO

# Novos desexos para o novo ano

Os distintos colectivos culturais e sociais inician o 2023 cunha listaxe de necesidades convertidas en peticións para este curso

Comeza o ano 2023 que estará marcado polas datas electorais, tras dous anos de pandemia, este 2023 será o ano das urnas, onde os cidadáns teñen unha nova oportunidade para elixir representantes. As diferentes asociacións e colectivos lucenses márcanse novos propósitos e desexos cara ao novo ano e ás vindeiras eleccións.

**CÁNTIGAS E FRORES.** No eido cultural, Eduardo Risco, presidente da asociación cultural Cántigas e Frores, conta que para eles este é un ano de celebración xa que “este ano facemos 75 anos e temos un motón de proxectos con actuacións, actos e galas para celebrar este aniversario”.

Cántigas e Frores é unha asociación cultural que se adica ao estudo, fomento e divulgación da cultura tradicional galega a través de recollida de material, escolas de formación, edición de publicacións e actuacións. Para este ano electoral piden “que se apoie máis a cultura tradicional, non so a través de actuacións puntuais senón tamén a través da recuperación e posta en valor do ben inmaterial cultural que está principalmente en mans de asociacións coma a nosa e menos nas institucións”. Eduardo tamén ten outro desexo, non só para a súa asociación senón para toda a cidadanía, “que se poña o auditorio a funcionar, eu entendo que haxa problemas pero os que sofren sempre ó final é o publico e a xente que ten que actuar”.

**ADEGA.** Este ano foi un ano importante na defensa e posta en valor do medio ambiente. A asociación Adegas leva anos loitando pola defensa do medio ambiente galego e na delegación de Lugo teñen como obxectivos para este novo ano “aumentar a participación de persoas involucradas na loita e nas accións reivindicativas que levamos a cabo así como tamén nas accións de voluntariado que realizamos dende a asociación”.

“Tamén é importante seguir defendendo o medio ambiente na cidade e no concello de Lugo e continuar tecendo redes con outros colectivos que haxa na localidade”. Actualmente “estamos en loita con dous grandes proxectos un é o parque eólico Picato e o outro a Rolda Leste por iso tamén precisamos máis participación nas loitas e máis movemento social”. Dende Adegas consideran a Rolda Leste unha obra “innecesaria na que se van destruír espazos que aportan servizos ecosistémicos á cidade, ademais vai deixar a aldeas como Bosende ou Barbaín entre dúas autovías, a A6 e esta autovía urbana da Rolda Leste, co aumento de emisión e ruídos que iso causa”.

Adegas pide tamén para este novo ano que “se conserve e se mellore o sistema dos ríos xa que temos un grave problema de que se converten en vertedoiros e non se está facendo nada por mellorar a saúde dos ríos que nos entendemos é fundamental”.



**SI HAI SAÍDA.** O ano 2022 remataba cun mes negro para a violencia de xénero e cun aumento das denuncias en Galicia por iso o traballo de asociacións como Si hai saída continúa a ser moi importante. Para este novo ano “impos continuar con esta loita porque á vista está que o panorama é máis que desolador” e “contar unha por unha todas as eivas que durante todo este tempo vimos transmitindo de xeito calado aos diferentes interesados e que están reverendo neste panorama”.

Para Si hai saída é importante tamén “visibilizar aínda máis e dar a coñecer todo o posible a situación de desprotección e indefensión en que se está deixando a estas mulleres e aos seus fillos e intentar por todos os medios que se nos escoite a todos os que estamos en contacto directo coas vítimas”.

**ASPACE.** Dende Aspace contan que “estamos un pouco faltos de liquidez e o desexo que temos para 2023 é poder seguir ofrecendo os servizos que estamos ofrecendo, e poder atender a todo o colectivo de parálise cerebral da provincia de Lugo”.

Aspace, a Asociación de Persoas con Parálise Cerebral de Lugo, presta unha atención globalizada ás persoas con parálise cerebral co obxectivo de mellorar a súa independencia e ofrecer os cuidados precisos que respondan ás necesidades físicas e de relación social das persoas con parálise cerebral e grandes necesidades de

tienda@promedisa.com  
@PromedisaLugo  
Promedisa Ortopedia

**COMPRA ON LINE**

**FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE  
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD**

**COMPRA ON LINE**

[www.promedisa.com](http://www.promedisa.com)

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715  
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

apoio, e ás súas familias.

“Aproveitando o ano electoral, queremos reunirnos con todos os grupos políticos para facer unha solicitude dun cambio na ordenanza municipal e conseguir que nos baños públicos nos que o espazo o permita poñer unha padiola para poder cambiar os fillos ou familiares, non só nenos, tamén persoas adultas. É dicir uns cambiadores inclusivos que permitan ás persoas con parálises cerebral moverse máis pola cidade”. Para o vindeiro ano dende a asociación tamén desexan “contar con grúas nas piscinas exteriores para poder desfrutalas de cara ao verán”.

**DEPORTE.** No ámbito deportivo dende o Estudiantes Lugo esperan que neste 2023 “se consoliden as categorías inferiores do club despois destes anos de pandemia e que o equipo que actualmente compite en primeira nacional consiga o ascenso”. Para este novo ano electoral a Suso Lázare, presidente, gustaríalle “contar con novas instalacións como ese novo proxecto de pavillón e que se continúe a traballar pola mellora dos que xa temos actualmente”. Similares son os desexos de Andrés Méndez, presidente do Club Waterpolo Lugo, que lle gustaría “contar con outra piscina na cidade de Lugo. Hai unha gran demanda e interese en deportes como a natación ou o waterpolo e nalgúns momentos os horarios son bastante axustados”. Este ano, por primeira vez desde a súa creación o Club Waterpolo Lugo conta con dous equipos competindo en categorías inferiores e a nivel interno, para Andrés, o máis importante sería “consolidar as categorías de formación xa que son o futuro e o máis importante de cara a continuidade do club”.

**PROTECTORA.** Juan Alberto, presidente da Sociedade Protectora de Animais e Plantas de Lugo, desexa



para este ano 2023 “as novas instalacións da Protectora de Lugo. E se todo sae ben vai ser un espazo con instalacións modernas e moita dignidade para os cans. Espero que este ano sexa o ano, é un proxecto ambicioso e a min gustaríame que a espera pagase a pena e poder anunciarlo antes da vindeira asemblea xeral de socios”.

Ademais dende a asociación queren “aumentar a sensibilización da xente en esterilizar e en non aban-

donar para que algún día as protectoras non sexan necesarias”. Na Protectora de Lugo, como en tantas outras, hai cans que levan moitos anos nas instalacións e “a min faríame moita ilusión que eses cans tiveran un final de vida cunha familia que lles compense ese sufrimento que tiveron gran parte da súa vida, porque a pesar do noso traballo na protectora, fáltalles o cariño e o contacto humano” declara Juan Alberto.



## CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

*20 Años a tu lado*

**Dr. Juan Francisco Lema Ferro** Coleg. 270000874  
**Dra. Noelia Fernández Agudo** Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.  
 Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993  
[www.clinicadentaltest.es](http://www.clinicadentaltest.es) / [dentaltest@yahoo.es](mailto:dentaltest@yahoo.es)

clínica **TEST** dental

Parking gratuito

# O Nadal deixou numerosas imaxes coa recuperación da normalidade



Á esquerda, á lectura do pregón e dúas imaxes dos mercadiños da praza Maior e San Marcos. Á dereita, unha actividade infantil, o acendido do alumeado e unha obra de teatro para os máis pequenos

<ul style="list-style-type: none"> <li>●</li> <li>●</li> <li>●</li> <li>●</li> </ul>	<b>UNIVERSIDAD</b> Grado en:			<b>ABAU</b> (Antigua selectividad) <b>BAC - E.S.O.</b> <b>ACCESO CICLOS</b> Matemáticas - Física Química - Lengua - Gallego Inglés - Latín - Griego Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte	
	<b>ROBÓTICA</b> Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	<b>ENX. AGRÍCOLA</b> <b>ENX. FORESTAL</b> Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	<b>ENXEÑARÍA CIVIL</b> Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	<b>BIOQUÍMICA</b> Matemáticas Física Química general e Inorgánica Química - Física I Bioestadística	<b>ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.</b> Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	<b>PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA</b>		
	C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22				

## A Reserva da Biosfera Terras do Miño xa ten a programación anual

A Reserva da Biosfera Terras do Miño xa ten o programa de actividades gratuítas para fomentar o lecer saudable e a educación ambiental, xestionada pola Deputación de Lugo. A programación inclúe 7 propostas con preto de 90 prazas para todos os públicos, que se desenvolverán no primeiro trimestre do ano, dende o 2 de xaneiro ao 24 de marzo.

Do día 17 ao 20 e o 23 de xaneiro está programado un obradoiro de tear e reutilización textil creativa para a sustentabilidade, unha actividade para adultos que se desenvolverá en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas. Conta con 10 prazas e este obradoiro levarase a cabo no Centro de Interpretación. Tamén en xaneiro, do día 24 ao 30, haberá outra actividade no Centro de Interpretación Terras do Miño

pensada tamén para os adultos un curso de poda. Son 15 prazas e poderase desfrutar en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas.

Xa en febreiro, do 6 ao 10, os adultos poderán aprender sobre enxertos, unha acción que se celebrará no Centro de Interpretación Terras do Miño de 10.00 a 14.00 horas da mañá. Haberá 15 prazas dispoñibles para as persoas interesadas. Coincidindo co entroido, o luns 20 e o mércores 22 de febreiro, realizarase a actividade Entroido na natureza, en horario de mañá: de 10:00 a 14:00 horas. Esta actividade está pensada para os máis pequenos e conta con 12 prazas.

Unha viaxe da produción convencional á produción ecolóxica e sostible na horta e no xardín é o título da primeira actividade de marzo, entre os días 6 e 10 no Centro de

Interpretación Terras do Miño. Está destinada aos adultos e terá lugar en horario de mañá, entre as 10.00 e as 14.00 horas. As prazas para esta proposta son 10.

O curso de Iniciación e boas prácticas medioambientais na produción de mel pecha a programación do primeiro trimestre. Celebrarase do 13 ao 17 e do 20 ao 24 de marzo en horario de mañá, de 10.00 a 14.00 horas e ten 15 prazas.

O prazo de inscrición xa está aberto. As actividades teñen o aforo limitado, polo que as persoas interesadas deberán anotarse a través das diferentes canles da institución provincial. Para as persoas interesadas estará habilitado o teléfono 982.305.930, o correo electrónico [und.medioambiente@deputacionlugo.org](mailto:und.medioambiente@deputacionlugo.org) e un espazo na web.

## O Caudal Fest confirma tres novos artistas

O Caudal Fest 2023, que se celebrará os días 15 e 16 de setembro conta con tres novas incorporacións no cartel Dani Fernández, Miss Caffaina e Yeico x Toni, anuncios que chegan despois da confirmación por parte da organización de grandes nomes como Leiva, Vetusta Morla, Ojete Calor, Sidonie e La La Love You.

O Caudal, que está considerado xa a última festa do verán en Galicia, foi unha aposta da rexedora para situar a Lugo no mapa dos festivais nacionais e internacionais, o que se acadou xa na primeira edición no ano 2018. "É unha das citas ineludibles para todos os amantes da música en directo e un dos festivais máis importantes de todo o terzo norte peninsular", sostén.

As entradas poden adquirirse en [www.caudalfest.es](http://www.caudalfest.es). A organización confirma que o ritmo de vendas

está sendo elevado e apunta que a do 2023 será a maior edición do Caudal ata a data.

Dani Fernández foi recentemente galardoado como Mellor Artista Masculino en Los40 Awards. Este castelán manchego, antigo integrante de Auryn e un das grandes estrelas do pop da actualidade, é uns dous fenómenos máis exitosos da música en español a nivel mundial. Parará en Lugo na súa xira internacional deste verán.

Miss Caffaina. Este grupo madrileño é unha das primeiras sementes do indie rock pop nacional desde a súa formación en 2006. Presentará o seu último disco *El Año del Tigre* no Caudal Fest. Yeico x Toni é un dos fenómenos musicais do ano entre as xeracións máis novas e ofrecerán en Lugo un dos primeiros concertos destes artistas en Galicia.

## O Premio Galicia de Fotografía Contemporánea chega a Lugo

O Pazo de San Marcos acolle a mostra *Os batismos da meia noite* do valenciano Joan Alvaro, gañador do X Premio Galicia de Fotografía Contemporánea organizado pola Asociación Outono Fotográfico coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación. A mostra exhibe un proxecto fotográfico realizado nas serras da Raia que debulla ritos e crenzas da cultura galego-portuguesa. En Lugo comeza un itinerario ex-

positivo que ha continuar durante os dous vindeiros anos por cidades galegas e portuguesas, achegando a fotografía contemporánea ao público. *Os Batismos da meia noite* é o proxecto seleccionado na décima edición do Premio Galicia de Fotografía Contemporánea na que se recibiron máis de 100 traballos enviados fundamentalmente desde países europeos e suramericanos. Este traballo é un ensaio fotográfico



a medio camiño entre a fantasía e o estudo etnolóxico, froito dun interese xenuíno cara a unhas crenzas que moitos insisten en catalogar como folclore do pasado do corazón montañoso do Alto Minho, no Norte de Portugal.



**PREMIO TEATRO.** Os Palimoquiños de Lugo foron os protagonistas da gala de entrega de premios do IV Certame de Teatro Afeccionado Concello de Lourenzá. O premio Conde Santo á mellor representación, dotado con 750 euros, recaeu na súa obra *E se todo se reducise ao amor*.



**CURSOS PARA JÓVENES DE ENTRE 16 Y 30 AÑOS 100% GRATUITOS EN MATERIA DE DIGITALIZACIÓN**

COMMUNITY MANAGER Y MARKETING DIGITAL

PERSONAL TÉCNICO DE LICITACIONES PÚBLICAS

MARKETING DIGITAL Y REDES SOCIALES

PERSONAL TÉCNICO PARA LA DIGITALIZACIÓN DE PYMES Y AUTÓNOMOS

CURSO DIGITAL DE COMERCIO Y MARKETING

EXPERTO EN CIBERSEGURIDAD

INSCRIPCIONES EN [WWW.EMPLEOJOVENLUGO.ES](http://WWW.EMPLEOJOVENLUGO.ES)



**PROGRAMA DE ACOMPAÑAMIENTO A LA DIGITALIZACIÓN PARA PYMES Y AUTÓNOMOS EN LA PROVINCIA DE LUGO**

RETO DE COMPETENCIAS DIRECTIVAS: CREAR CONFIANZA, CAPITANEAR LA PLURALIDAD

COVID. LA OPORTUNIDAD DEL CAMBIO

DESARROLLO DE NEGOCIO DIGITAL

RETO DE COMUNICACIÓN DIGITAL, ENTENDER LOS PROCESOS DE BÚSQUEDA DE INFORMACIÓN Y PROCESOS DE COMPRA

GESTIÓN DE LA DIGITALIZACIÓN

RETO DE TRANSICIÓN ENERGÉTICA

INSCRIPCIONES EN [WWW.LUGOFORMACIONDIGITAL.ES](http://WWW.LUGOFORMACIONDIGITAL.ES)



# “Levamos ás actuacións elementos recuperados a través dos maiores”

Senén Montero, membro da Volta do Agro

A Volta do Agro é unha asociación cultural que leva máis de 25 anos traballando pola recuperación e difusión da cultura tradicional galega. Falamos con Senén Montero, un dos membros que forma parte desta agrupación desde a súa fundación.

## Como nace a asociación?

A Volta do Agro nace no ano 1995, este ano que vén facemos 28 anos. É Eramos un grupo de persoas que estabamos xa noutras agrupacións e que decidimos crear a nosa propia. A asociación nace co obxectivo principal de fomentar e sobre todo de recuperar a tradición no que respecta a traxes, música, bailes ou canto. Comezamos a realizar un traballo de recuperación de pezas e testemuñas polas aldeas a través da xente maior que tocaba e bailaba, nos comezos este traballo era máis sinxelo e xa se facía noutros puntos de Galicia, pero aquí non tanto.

Todos os elementos que recuperamos a través da transmisión dos nosos maiores comezamos a plas-

malos nas actuacións do grupo e tamén nos obradoiros. Desde o inicio da asociación impartíamos clase para trasladar todo o que nós fomos aprendendo e que fose posible a súa continuación no tempo.

## Como realizan o traballo de recollida de pezas tradicionais?

Nós intentamos entrar sempre a través dalgún coñecido para que non sexa tan brusco, xeralmente a través dalgún contacto que coñecía ou que sabía dalgunha persoa que cantaba ou bailaba. Algunhas veces mesmo simplemente era presentarse por alí, de entrada a maioría da xente di non, eu isto non, xa non me lembro, pero todo é un pouco que vaian collendo confianza contigo e onde dixeron que non sabían nada despois comezan a recordar e xa parece que non teñen fin. Existen tamén moitas gravacións que aínda están en cintas de casete, en vídeos 8mm ou vhs e estamos intentando dixitalizar todo para que perdure no tempo e



para que cando estás ensinando un baile ou unha canción podas mostrar esas gravacións e que se vexa que non é algo que ti estás inventando, se non que vén de atrás e forma parte da tradición.

## Actualmente teñen ese arquivo ou están traballando nel?

A nosa intención é que sexa un arquivo que todo o mundo poda consultar, iso sería o ideal. Eu sei que é moi complicado e seguramente necesitaríamos algún tipo de apoio institucional para que todo se levasse a cabo, pero eu penso que sería algo fundamental. Ata fai pouco cada un tiña o seu e non querían que ningún soubese e hoxe iso está cambiando. Agora temos moito contacto con diferentes agrupacións de toda Galicia que non teñen problema en compartir para que non se perda todo o legado. Que eses documentos queden para todo o mundo e compartir toda esa información é o que nós estamos intentando facer, todo o material que tiñan distintos membros do grupo ou xente coñecida doutros sitios poñelo todo en común. Se queremos que sexa considerado como un valor de patrimonio inmaterial ten que ser algo que estea ao alcance de todo o mundo.

## Como de importante é este traballo de recuperación dentro da súa asociación?

É a base, na nosa asociación o estatuto máis importante é a transmisión de toda mostra de cultura tradicional, entón esa transmisión ten que comezar nas recollidas. Son a base de todo o que ti despois podas facer de traballo, de promoción ou de exhibición, tanto á hora de subirte a un escenario co grupo onde todo o que tocamos ou bailamos son pezas recollidas ata as clases. A xente á que damos clases é consciente de que o que lle estamos ensinando vén de atrás e que o mellor sería que se guise para adiante.

## O grupo e as clases funcionan por separado?

Dentro da asociación temos as clases e o grupo que son elementos separados. As nosas clases comezan dende o nivel cero, xente que nunca tocou nin bailou, hasta xente que xa ten un nivel intermedio ou avanzado e que leva anos bailando ou tocando.

O grupo, aínda que está separado das clases vai bebendo desas escolas

porque moita xente que leva anos aprendendo quere entrar a formar parte do grupo. Tamén hai xente que lle interesa bailar nun grupo e hai outra que só quere bailar para pasalo ben e despois poder ir por aí de foliada. Pero digamos que a xente do grupo a día de hoxe son o oitenta ou noventa por cento de persoas que comezaron na escola da asociación.

## Son un grupo aberto ou é necesario pasar pola escola primeiro?

Si, é dicir, nós sempre estamos abertos a calquera persoa que aporte pero si que é verdade que a maioría da xente vén das escolas. Pero tamén hai outra que non, que por circunstancias xa formaba parte dalgún grupo e agora vive aquí e apetécelle estar con nós. Nese aspecto estamos totalmente abertos.

## Cree que hai un rexurdir da posta en valor da nosa cultura?

Eu creo que hoxe por hoxe estamos nun momento bastante forte e que hai que aproveitar, non só na nosa asociación se non en Lugo cidade e tamén noutros sitios. As asociacións que estamos actualmente cubrimos todas prazas que podemos ofertar. E eu creo que si, que se nota cando ti vas a un concerto de música tradicional ou de música folk e ves que a xente ten ganas e que lle ferver os pes por saír a bailar ou que lle gusta coller a pandeireta e comezar a tocar. Entón eu penso que agora mesmo si que hai demanda e moitas veces non hai mais oferta porque nas asociacións non damos máis, nin en tempo nin en espazo.

## Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Cara o ano que vén estamos traballando nos nosos obradoiros que xa nos comen moito tempo e damos clases desde setembro ata xuño. Este ano temos a idea de recuperar un festival de música e baile tradicional que facíamos desde a asociación que se chamaba Zumba no coiro que tras a pandemia estivo parado uns anos e queremos retomalo de cara ao verán. E despois todas as actuacións que poidan xurdir alí estaremos dispostos a montar festa.

## Hai algún momento que recorden con especial agarimo destes anos?

Eu levo desde que comezamos alá no 95, somos tres membros que quedamos aínda dos que formamos

a asociación e claro en 28 anos iso da para moito, moitas subidas e moitas baixadas. Loxicamente en 28 anos a vida persoal de todos os membros vai cambiando pero o bo é que hai relevo, que sempre se foi sumando xente. Cada vez que vén xente nova é como un pulo de enerxía a toda a asociación e se estaba un pouco menos motivada volve outra vez a coller forza.

Houbo unha época hai 10 anos que todo estaba moi parado no que é toda a cultura tradicional, a cultura de baile pero si que é verdade que dous anos para aquí estamos vendo esas ganas da xente e é unha cousa moi boa porque todos os dos grupos e de outras asociacións que nos dedicamos a isto saímos beneficiados e estamos encantados.

## Cal cre que puideron ser algúns dos motivos que impulsaron a volta ou rexurdir da cultura tradicional?

Non sei, penso que é simplemente cíclico, si que é verdade que cada vez hai máis festivais nos que se deu un pouco máis de cabida aos grupos tradicionais onde antes non eran tan habituais. Iso fixo que a xente fora coñecendo o que era a música tradicional, a música folk e que non é só para estar sentado senón que invita a bailar e a participar.

Aquí, no que é Lugo cidade e provincia, volveu algo que sobre todo no sur de Galicia estaba tendo moita forza que son os seráns ou as foliadas. Volveron ter máis demanda, máis afluencia de xente que ía ás foliadas e quería participar, entón claro si queres participar tes que empezar por aprender, e eu penso que aí e pouco a pouco vai crecendo a cousa.

## Algunha reivindicación ou desexo de cara ó futuro?

O que loitamos agora é que aínda que si que é verdade que hai un par de anos as institucións cada vez están ofertando máis actuacións de música e baile tradicional, estamos loitando porque esas actuacións dignifiquen o que estamos facendo e nos dean as condicións axeitadas para poder realizar as nosas actuacións. Para facelas dun xeito que non simplemente sexan uns gaiteros que van por aí tocando se non darlle importancia, porque unha vez que ti fas algo ben á xente gústalle, entón darlle a mesma importancia que a outro tipo de actuacións ou eventos festivos.



# Marfer

INFORMATICA

## INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







**EXIT ERP**  
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

**SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL**



C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084  
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

## Presentada a programación do Gustavo Freire para o ano 2023

A programación teatral que terá lugar no Auditorio Municipal durante os primeiros meses de 2023 xa está lista segundo anunciou a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro. A concelleira explicou que “contamos con preto de 40 actividades culturais con contidos para todos os públicos, que terán lugar entre o 12 de xaneiro e o 30 de xullo”.

“Quixemos poñer o foco nas producións de artes escénicas de mellor calidade feitas en Galicia, que serán o fío condutor da programación, e contaremos tamén con obras internacionais de calidade contrastada”, explicou Maite Ferreiro, que engadiu “esta programación está pensada para o deleite das amantes do teatro e para facilitar un achegamento a esta arte por primeira vez, traendo a Lugo o mellor do teatro galego xunto cunha coidada selección de propostas premiadas en importantes festivais”.

Como novidade, organizan o ciclo de teatro para a Primeira Infancia, cunha proposta cada mes do chamado teatro para bebés, que contará con dous pases de cada función. A programación inclúe 37 actividades, con 16 propostas para público adulto, 6 enmarcadas no ciclo Lugo en Danza e 15 para público familiar. Para acceder ao recinto será preciso

adquirir entrada no portal entradas-lugo.es ou de maneira presencial na oficina de turismo, cun prezo de 5€ nas actividades de adulto e 3 nas actividades familiares. Ademais haberá bonos a un prezo de 48€ nas actividades para público adulto e de 20€ para as actividades adicadas a público familiar, que permitirán acceder ás distintas actividades. No caso do ciclo Primeira Infancia, o bono terá un prezo de 10€ e para as actividades de danza do ciclo LED, 18€. As persoas en paro, menores de 30, pensionistas e actores e actrices asociadas á AAAG terán un desconto do 30% nas actividades para público adulto.

## Volve en xaneiro a programación do +Xti

Comeza en xaneiro a programación do programa +Xti, que inclúe actividades de ocio, formación e sensibilización como accións de prevención contra a drogodependencia dirixidas á mocidade e que se desenvolverán ata o mes de xullo.

O programa inclúe accións que en edicións pasadas foron moi demandadas, como as sesións formativas pensadas principalmente para axudar ás persoas en paro ou con traballos moi precarios, cursos de condución segura ou iniciativas culturais. Pero tamén propostas máis novas, como Lugo Mola, co que se pretende “embelecer diferentes zonas de encontro da mocidade, facéndoos partícipes desa transformación a través de diferentes inter-

vencións, fomentando a aprendizaxe de técnicas relacionadas coas artes plásticas e outras disciplinas que melloran a nosa cidade”, segundo explica Repetto, e Lugo Sport.

Esta última busca “impulsar a práctica deportiva das e dos lucenses máis novos nas dotacións municipais así como potenciar o uso dos recursos naturais co propósito de fomentar hábitos de vida saudables”.

Da programación, iniciáronse xa os plans de apoio escolar, que repercuten nos máis cativos e nas súas familias, onde se traballa coa comunidade educativa de Lamas de Prado para combinar esta actividade, con educación en valores, hábitos saudables e habilidades sociais nos momentos de descanso.

## Comadre foi elixida a Palabra do Ano 2022

O Dicionario da RAG define comadre nas acepcións relacionadas co parentesco, pero na fala popular esta voz refírese tamén á veciña ou á amiga na que se ten especial confianza. Con este último significado, que lembra as mozas e vellas que se prestan apoio para faceren fronte aos contextos adversos e que se fan tamén compañía nos bos momentos da vida, vén empregándose dende hai moito tempo. Bebendo deste herdo tradicional, hoxe reivíndicase dende o feminismo consciente como un xeito de se referir a aquelas que practican a sororidade, a solidariedade entre mulleres. E nese empeño de moitas comadres do século XXI de teceren redes de visibilidade para a súa mensaxe, esta voz acaba de se converter na Palabra do Ano 2022.

## Sandra López gaña o Combate Mural do festival Culturbán



Xa hai gañadora da nova edición do Combate Mural, organizado pola área de Cultura e o espazo LUPA Arte dentro do festival de arte urbano Culturbán. O xurado escolleu a Sandra López como gañadora deste combate mural que tuvo como tema o LGTBI. O segun-

do e o terceiro premio foron para Juan José López (Lomarti) e Branca Escrigas. Os tres gañadores recibiron premios de 1200, 800 e 600€ respectivamente. Isabel Seidell e Miguel Anxo Macía foron os gañadores dos dous Accesit que concedeu este ano o xurado.

## Nova exposición do MIHL



O Museo Interactivo de Historia de Lugo (MIHL) volve acoller unha exposición piloto de miniaturas de coches de competición que é a antesala do que será o Museo Paixón Motor Slot que o enxeñeiro industrial e empresario Julio Páramo quere abrir en Sarria.

A intención desta exposición, que estará dispoñible no MIHL ata o vindeiro 26 de febreiro, é dar a

coñecer a historia do automóbil de competición, tanto na vertente deportiva como na tecnolóxica, xa que este gran proxecto que Páramo ten en mente está a punto de facerse unha realidade.

No MIHL poderase ver un avance do que será o museo que estará no seu municipio natal, Sarria, Concello que colaborou no proxecto e que apoiou a Julio Páramo.

## PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694  
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros  
**TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## Clausurado o Proxecto Troya

A Facultade de Administración e Dirección de Empresas do Campus Terra acolleu o acto de clausura do curso para o Desenvolvemento de Habilidades Empresariais, coñecido como proxecto Troya. A acción formativa impulsado pola Asociación Síndrome de Down de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela incluíu 10 sesións formativas durante os meses de outubro a decembro.

Neste tempo, 8 mozos e mozas de Down Lugo melloraron a súa autonomía e habilidades en materia tecnolóxica e social, co obxectivo de saír ao mercado laboral con maiores garantías, e aumentar así as súas posibilidades á hora de atopar un traballo ou mesmo aspirar a unha mellor situación laboral ca actual.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, destacou no acto de clausura que “o emprego é a mellor política social”. E neste senso, o proxecto Troya é un exemplo que “dá un salto cualitativo ó abrir os espazos da educación superior ás persoas con discapacidade intelectual”, subliñou. Unha aposta, engadiu “moi intelixente” por converter a formación no cabalo de Troya “que permita vencer as reticencias que o mercado laboral aínda ten cando se trata de contratar ás persoas con capacidades diferentes”.

Polo tanto, “só queda felicitar ao colectivo lucense e á Universidade por desenvolver esta gran iniciativa e camiñar xuntos cara a unha provincia máis inclusiva e social”, concluíu o Deputado de Promoción Económica e Social.

Precisamente, a Deputación mantén unha estreita colaboración con ambas entidades.



## Lugo ten novo xulgado de Primeira Instancia

Lugo conta xa cun novo Xulgado de Primeira Instancia, o número 6, así o destacou a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, nunha visita ás instalacións que acollen estas dependencias xudiciais, situada na sede dos Xulgados de Lugo.

“Estamos de parabén, pois bota a andar unha nova unidade xudicial moi necesaria para os lucenses, coa que desde o Goberno buscamos atender, aliviar e resolver a carga de traballo existente na Administración de Xustiza en Lugo”, manifestou a subdelegada que explicou que esta nova dotación amosa a aposta do Executivo Central co servizo público de Xustiza e subliñou que “é un avance para seguir impulsando a transformación que está a vivir o sector no noso país”.

Isabel Rodríguez explicou que, coa creación do Xulgado de Primeira Instancia número 6 de Lugo, o Ministerio de Xustiza cubre unha necesidade xerada pola acumulación de procedementos na xurisdición

de Primeira Instancia, unha das que soporta maior carga de traballo, agudizada polos procedementos suspendidos durante os meses da pandemia. “Grazas a este novo órgano xudicial os profesionais darán saída áxil aos volumes de traballo acumulados, cubrindo as necesidades existentes, e os cidadáns verán unha xustiza máis eficaz e eficiente, garantindo a efectiva protección dos seus dereitos”, engadiu a subdelegada.

Tal e como informou Rodríguez, este novo xulgado en Lugo forma parte da execución por parte do Ministerio de Xustiza de 70 novas unidades xudiciais en toda España, 3 en Galicia (Lugo, A Coruña e Vigo), correspondente á programación de 2022 e adecuación á planta xudicial. Concretamente, o sexto Xulgado de Primeira Instancia ten competencias en asuntos relativos ao dereito de familia, ás medidas de apoio ás persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica e internamentos, tal e como publicou o Ministerio no BOE.



## Os V Premios Rafael Crecente recoñecen a xestión territorial

A enxeñeira civil titulada na EPS de Enxeñaría do Campus de Lugo da USC Olga Vallejo e o biólogo vigués Tomás Arteta recibiron os V Premios Rafael Crecente a Propostas Innovadoras de Xestión Territorial, uns galardóns promovidos polo Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (Ibader) xunto co Laboratorio do Territorio (LaboraTE) do Campus Terra da USC e dotados con gratificacións en metálico de 2.000 e 1.000 euros respectivamente, no marco dunha concorrida cerimonia presidida polo reitor da USC, Antonio López, no Campus Terra, durante a que a profesora do Departamento de Análise Económica da USC María Loureiro ofreceu o relatorio As percepcións da cidadanía sobre o cambio climático: unha análise apoiada en big data.

A proposta de rehabilitación dunha vivenda tradicional cun deseño bioclimático ideada pola viguesa Olga Vallejo López mereceu a máxima cualificación do xurado dos V Premios Rafael Crecente, convocados

co dobre obxectivo de render homenaxe ao finado profesor e investigador na EPS de Enxeñaría da USC, ademais de para impulsar entre os titulados universitarios e a mocidade investigadora a formulación e aplicación práctica de ideas innovadoras relacionadas co desenvolvemento rural, a conservación do medio ambiente ou a mellora da xestión territorial en sentido amplo en Galicia.

A candidatura presentada por Vallejo López achega unha idea sobre o posible redeseño bioclimático dunha vivenda típica do rural de Galicia, á que propón engadir elementos construtivos á edificación principal empregando técnicas de bioconstrución, materiais sostibles como a madeira, a terra ou a palla, e aproveitando a mesma pedra. A rehabilitación acometeríase logo de facer un exhaustivo estudo edafoclimático, a fin de acadar unha vivenda o máis “pasiva” posible sen variar a arquitectura vernácula do lugar”, sgundo explicou a investigadora galardoada na súa intervención no acto.

**RAXERÍA LAXA**

**14 DE ENERO**  
Inicio **JORNADAS DEL COCIDO.**

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO - TEL.: 982 216 536  
[www.raxeriaalaxa.com](http://www.raxeriaalaxa.com)

**A TENDA DE FINGOI**  
ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

**PANADERÍA**  
**FRUTERÍA**  
**ALIMENTACIÓN**

**SERVICIO A DOMICILIO**

Calle Armórica 102, bajo - Lugo. Tel.: 982 225 409

## Denuncian trabas da Xunta para obter o certificado dixital

Unións Agrarias denuncia a “fala de previsión e dilixencia da Xunta de Galicia que está a obstaculizar a tramitación do certificado dixital debido a carencias de persoal”. A organización agrogandeira insta “á administración a actuar con responsabilidade e previsión e a non deixar desatendida a Delegación de Lugo onde se negou a atención a varias persoas que acudiron con cita concertada despois de realizaren desprazamentos de máis dunha hora”. UUA “non entende que o goberno galego non habilite unha vía alternativa á presencial para un trámite que únicamente é posible realizar na capital provincial”.



# “Impartimos todas as áreas do currículo escolar ao longo de todo o nivel educativo”

Soraya Seijas, directora e docente de EscolActiva fala sobre as claves do seu traballo

EscolActiva é un centro de formación lucense que traballa dende 2013 enfocado nas necesidades individuais de cada estudante. Falamos con Soraya Seijas, directora e docente do centro, sobre as claves do seu traballo.

## Que é e como nace EscolActiva?

EscolActiva é un centro de formación que nace en 2013 coa idea de achegar aos nenos os contidos dunha forma amena e entretida. Eu son da rama de matemáticas, que sempre é unha materia que gusta pouco e a idea era que os rapaces fosen capaces de ver esa parte máis lúdica das matemáticas.

Ao principio estaba eu soa e cos anos fomos medrando ata actualmente, que contamos con máis de 130 alumnos e tres docentes. Ana é a profesora que está co alumnado de primaria, Laura traballa a parte de letras e eu, Soraya, que me adico a rama das ciencias.

## Que servizos ofrecen?

Somos un centro de formación que principalmente traballamos con alumnado de Educación Primaria, ESO e Bacharelato para dar clases de reforzo. Tamén preparamos probas de competencias clave con persoas adultas, que en xeral ningún momento tiveron ou quixeron deixar os estudos e que agora queren retomalos. Probas de acceso á universidade para maiores de 25, os exames para a obtención do graduado ou o bacharelato e tamén probas de acceso a ciclos formativos. Temos unha parte de idiomas onde impartimos galego, inglés e italiano moi enfocada ao reforzo escolar, pero tamén preparamos certi-



ficados como o Celga 4, Cambridge, EOI, CILS ou as probas Erasmus.

## Como é o seu sistema de traballo?

Para alumnado de primaria, secundaria e bacharelato principalmente traballamos con grupos reducidos de sete nenos. Nós non realizamos clases maxistras onde se explica unha lección para todo o grupo senón que nos adaptamos alumno a alumno, aos seus contidos e á maneira que traballan no seu centro. Polo tanto aínda que a formación se fai a través de grupos as clases son individuais.

Para adultos, é certo que en horario de tarde é máis complicado, pero si dispoñemos de grupos a partir das 20.00 horas ou en horario de mañá así como clases individuais pensadas sobre todo para preparar probas de acceso.

## Que proxectos teñen de cara ao futuro?

Estamos intentando potenciar máis a aula virtual, que é algo que

xurdiu durante o confinamento, e incluso realizar algunha das formacións integramente online. Temos alumnos que marcharon a estudar ou traballar fóra e que queren continuar a súa formación con EscolActiva. Tamén persoas que teñen horarios de traballo máis complicados e esta ferramenta é unha forma de chegar a todos eles. Está enfocado para alumnado adulto sobre todo aínda que tamén traballan moito coa aula virtual os alumnos que están a preparar a selectividade como unha ferramenta de apoio. O noso sistema de formación online conta sempre cun mínimo dunha videochamada dunha hora á semana. Non son clases gravadas onde ti estás soa fronte aos contidos senón que tes unha titoría e unha persoa para resolver dúbidas e realizar consultas. Para nós este trato persoal e individualizado é imprescindible porque tamén é o xeito de adaptar a nosa formación ás individualidades de cada alumno.

## Cal é a característica que lles diferencia doutros centros?

O primeiro é que impartimos todas as áreas do currículo escolar ao longo de todo o nivel educativo. Isto implica que pode vir dende un rapaz de sete anos ata un de quince, o que facilita en gran medida a conciliación familiar porque dous irmáns poden estar no mesmo centro. E tamén a nosa proximidade co alumnado e coas familias. Temos un ambiente moi cordial e distendido cos alumnos e un trato cercano cos pais. Gústanos ter un trato moi próximo coas familias e para min é moi importante ter un bo ambiente no centro para que os nenos veñan a gusto.

## Que é o que máis valoran os pais á hora de levar aos nenos?

Ademais dese bo ambiente e cercanía os resultados académicos evidentemente teñen que acompañar. Actualmente eu penso que temos un bo prestixio na zona e que xa nos coñecen dende hai anos. Estar rodeada de boas profesionais e compañeiras axuda a que todo isto sexa máis doado de conseguir.


## Que é o que máis lle gusta ou aporta este traballo?

Eu dedícome a isto por vocación. Son enxeñeira de formación e descubrín que a docencia encantábame, deixei o meu traballo de enxeñaría, que realmente non me gustaba, por isto. Que os nenos teñan un bo recordo noso, pasados os anos e que os podas axudar a levar os estudos o mellor posible, iso échome moitísimo.

## Candia compromete un servizo de conciliación familiar para os polígonos

A candidata do PP, Elena Candia, reuniuse coa Asociación de Empresarios das Gándaras e O Ceao logo de “facer un diagnóstico da situación na que se atopan estas dúas zonas industriais que son a carta de presentación de Lugo para os que acceden dende a autovía”. Para Candia estes polígonos están “nunha situación de indiscutible abandono” e co obxectivo de “dar un cambio de imaxe e mellorar os seus servizos comprometeu dúas actuacións innovadoras”. A primeira, un servizo de conciliación familiar aclarando que “a atención aos nenos e nenas non debe limitarse a construír unha gardaría, que só da cobertura a nenos e nenas de 0 a 3 anos, senón que se debe dar facilidades ás familias con cativos doutras franxas de idade polo que anunciou que dotará aos polígonos do Ceao e As Gándaras dunha gardaría, ocioteca e ludoteca”.

A popular tamén considera “prioritario adherirse aos concellos Doing Business”. Ao unirse a este protocolo o concello tería que resolver nun mes as peticións de licenzas de obra maior. “Este compromiso de tramitacións áxiles é fundamental para evitar as fugas de empresas” resumiu. Elena Candia tamén se comprometeu a “ofrecer bonificacións ás empresas que se implanten nos polígonos e que creen empregos ou manteñan os postos de traballo. Estas bonificacións aplicaríanse en todos os tributos locais: ICIO, IAE e IBI”. Durante a xuntanza Elena Candia comprometeu “unha mellora na iluminación destas zonas industriais así como incrementar a limpeza e mantemento de viais, mellorar a recollida de residuos cunha prestación porta a porta e investimentos puntuais no soterramento de liñas”.



C-27-001194

Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental  
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

## Entregados os premios Mulleres Empresarias



A presidenta da Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo, Beatriz Varela Regueira, entregou no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) os premios Son Muller 2022 organizados por AELU. Estes galardóns que celebran a quinta edición, recoñecen a actividade empresarial de mulleres da provincia ao mesmo tempo que fomentan a súa participación no entorno económico e social de Lugo.

Beatriz Varela felicitou a todas as participantes "pois presentaron proxectos innovadores e creativos o que demostra a gran diversidade e pluralidade que existe no sector empresarial lucense. Os premios Son Muller recoñecen o traballo da muller emprendedora, a muller empresaria e a muller empresaria rural. Con esta iniciativa dámoslles visibilidade porque entendemos o papel fundamental que xogan no desenvolvemento económico do territorio". Na quinta edición dos Premios Son Muller cos que colaboran a Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Lugo, a Xunta de Galicia e ABANCA recibíronse preto de 30 candidaturas.

Nesta gala na que tamén participaron autoridades da provincia e empresarias lucenses, repartíronse un total de 4.500 euros en

premios e xogos de Matrioskiñas galegas deseñados especialmente para este certame por artesáns lucenses. Ademais todas as finalistas recibiron un galardón pola súa participación. As empresarias premiadas foron:

**OS PREMIOS.** Na categoría Son Emprendedora o primeiro premio foi para Aobá Upcycling, o segundo para Rural e Urbano. As finalistas foron Late Food, Atoupa e Cuarto e Metade.

Na categoría Son Empresaria o primeiro foi para Academia A Mariña e o segundo para o Centro Pedagóxico Aloumiño. Os finalistas foron Colorín Colorado, Bioco e Asesoría Mel.

Na terceira categoría, son empresaria rural, a vencedora foi As Vacas da Ulloa seguida de A Horta de Sancoveiga. Quedaron como finalistas Esencia Viva, Argaia Cosmética e Casa de Baixo.

Durante a Gala dos Premios Son Muller a Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo realizou un recoñecemento especial a Purificación García Balseiro (Decoraciones Pura) e distinguiu a súa longa traxectoria empresarial e profesional como muller referente no ámbito do emprendemento da provincia de Lugo.

## O VIII concurso 'Estampas de Paz e Acougo' xa ten gañadores

Os premios do VIII concurso de fotografía Estampas de Paz e Acougo xa ten gañadores. *Seno de Esperanza*, de Begoña Pérez López, foi a imaxe gañadora dos 600€ do primeiro premio. O segundo premio, con 400€, foi para Roberto Mouriz Lamas, coa imaxe *Evocación*. Na terceira posición rematou *Pureza*, de Aída Martín Vázquez, que levou un premio de 200€. Cristina López agradeceu a todas as persoas que presentaron imaxes a súa participación.

A área de Participación tivo no seu ánimo achegar á cidadanía ao cemiterio e integralo na vida social e cultural da cidade, poñendo en valor non só o patrimonio histórico e artístico que alberga senón tamén a importante carga emocional contida



en cada unha das esculturas e construcións funerarias.

O concurso estivo baseado, entre outras temáticas, na simboloxía oculta que se reflicte nas construcións funerarias dos cemiterios. O

xurado valorou a calidade técnica e artística das obras, dándose unha especial relevancia á captación da sensación de paz e harmonía coa que se impregnan os recintos dos cemiterios.

## Aprobado o Plan de Actuación da Fundación Universitaria

A reunión ordinaria do padroado da Fundación Universitaria Campus Universitario de Lugo celebrouse na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos e contou coa presenza do presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, do Vicerreitor de Organización Académica do Campus, Francisco Fraga López, e o secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez, así como da directora da Escola de Relacións Laborais, Mercedes Montes.

Neste encontro analizaron as contas correspondentes ao exercicio e curso académico 2021-2022, para o que a Deputación fixo unha aportación de preto de 178.000€, ade-

mais de conceder unha subvención nominativa para impartir o máster en Dirección de Persoas Paulo Fabio por importe de 12.000€, o que, en suma, achégase aos 190.000€ e representa o 62% do total do orzamento da entidade.

Así mesmo, na reunión aprobouse o Plan de Actuación da fundación correspondente a este curso académico, 2022-2023, que inclúe o funcionamento da Escola Universitaria de Relacións Laborais, na que se imparte o Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos, con 126 prazas e unha dotación de persoal de 16 persoas; o máster en Dirección de Persoas Paulo Fabio; e un curso de formación en xestión laboral.

## O Rof Codina reduce ata un 2% o peso de mascotas obesas

O hospital veterinario universitario Rof Codina do Campus de Lugo da USC permite reducir ata un 2% o peso de cans e gatos obesos, a través dun programa de control de peso e adelgazamento desenvolvido xunto con Pet Select, segundo indica Antonio González Cantalapiedra, profesor da Facultade de Veterinaria da USC e coordinador, xunto coa tamén docente María Luisa Fernández Rey e a investigadora do grupo Cirurxía, Radioloxía e Ecografía Veterinaria da USC Silvia Fernández Martín, dun programa orientado a mellorar a saúde de cans e gatos de idade adulta que ao longo dos últimos dous meses xa atendeu preto de medio centenar de mascotas con diverso grao de obesidade.

"O control e, no seu caso, a redución do peso excesivo destas mascotas, unha realidade que afecta a máis dun 30% dos animais", constitúe o obxectivo deste programa, que manifestou un elevado porcentaxe de éxito.

## O Cemiterio amplía os seus horarios

Os novos horarios do cemiterio municipal na época de outono e inverno (entre o 1 de novembro e o 1 de marzo) serán, de luns a sábado de 09:30 a 14:30 e de 16:00 a 18:00, mentres que os domingos e festivos, o cemiterio abrirá de 09:30 a 14:30. O horario de verán, entre o 2 de marzo e o 31 de outubro, será de luns a sábado de 09:30 a 14:30 e de 17:00 a 19:00 de luns a venres, e os domingos de 09:30 a 14:30.

**erika pilates center**

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto  
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo  
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es  
[www.erikapilates.es](http://www.erikapilates.es)

**HERBÓN DESGUACES**

Rúa da Industria, 38. Pol. Ind. O Ceao - Lugo / Tel.: 982 207 018  
[herbondesguaces@gmail.com](mailto:herbondesguaces@gmail.com) / [www.desguacesherbon.com](http://www.desguacesherbon.com)

INSTALACIONES ESPECIALIZADAS EN TODOTERRENO Y FURGONETAS  
Rúa da Industria, Pol. Ind. O Ceao / 982 209 222 - 982 207 018

Polígono As Gándaras, Rúa Fontán Rodríguez,  
Calle F - Parcela H4, Lugo / Tel.: 982 147 951



Por Lugo:

**VAI  
EN  
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

[urbanoslugo.com](http://urbanoslugo.com)



**#activandolugo**



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e  
Infraestruturas

## A Plataforma pola Defensa da Sanidade volve reclamar unha unidade de Ictus para o Hula

A Plataforma en Defensa da Sanidade e especialidades do HULA continúa na súa loita pola consecución dunha unidade de Ictus na capital case 6 anos despois da primeira demanda dunha unidade especializada en infarto cerebral.

As reclamacións ante a Consellería de Sanidade, o Sergas e todos os seus estamentos son, entre outras cousas un neurólogo de garda as 24 horas do día, con presenza física no Hula e outro, tamén de garda 24 horas, con presenza para o diagnóstico e tratamentos.

Esixen tamén un equipo de enfermería cunha ratio dun enfermeiro por cada catro camas as 24 horas do día, unha unidade de camas específicas para Ictus, dotación de monitorización neurolóxica, así como un servizo de rehabilitación global específico "con axuda á adaptación no fogar, servizos de apoio á mobilidade, aportación de servizo de fisioterapia ao ictus, axuda a pacientes que precisan dun Neuropsicólogo, colaboración de logopeda, plan de rehabilitación cognitiva, axuda social e económica".

Dende a plataforma piden "un traballo real e que deixen de estar a manipular con proxectos eternos e dispoñan xa os equipos persoais para cada subunidade".

Dende a plataforma tamén denuncian "a pésima xestión en Atención Primaria levada a cabo polo Conselleiro de Sanidade e a directora de Atención Primaria, xa que estes servizos pola súa pésima xestión, os seus recortes en persoal e dotacións que veñen xa da era Feijoo, que con ánimo privatizador tentaron desmontar a Atención Primaria e a Sanidade Pública".

**GORILLAS.** Nos últimos meses a Policía Local multiplicou a súa supervisión nas inmediacións do HULA para tratar de poñer cerco á práctica ilegal de aparcacoches. "Os dispositivos incrementáronse notablemente para, por unha banda, disuadir desta conduta e achegar maior seguridade á zona, mediante o emprego de vehículos rotulados, pero tamén con outros camuflados co fin de sorprender a estas persoas cando a exercen", sinalou a alcaldesa Lara Méndez. Así, deste incremento dá conta o número de actas levantadas polos efectivos que se elevan a 104 no que vai de ano, as últimas 56 interpostas só nos últimos tres meses.

Dende a Xefatura, o Intendente Jesús Piñeiro informou, así mesmo, de que por parte da Policía Local "estanse a empregar todos os mecanismos posibles para rematar coa presenza de gorrillas, impondo sancións por incumprimentos, moitos deles reiterados, ao Regulamento Xeral de Circulación, á Ordenanza Municipal de Circulación, á Lei de Seguridade Cidadá, todas elas de carácter administrativo, por transitar ou permanecer na calzada para indicar as prazas libres, causar perigo e entorpecer o tráfico, xerando molestias ás e aos condutores, pero tamén penais por desobediencia".

Pola súa banda, a rexedora quixo incidir no feito de que "non se trata dunha problemática que atinxa exclusivamente a Lugo, xa que afecta a practicamente todas as cidades do país, coa singularidade de que, no noso caso, se concentra especificamente nun único foco do Hospital".

## Un dispositivo vixilará a ocupación das terrazas de hostalería luguesas

Concretáronse os detalles dos dispositivos de vixilancia que o Concello está a desenvolver para garantir que as terrazas de hostalería se axusten ao espazo que teñen concedido e non causen prexuízo á convivencia. O operativo obedece á necesidade de garantir que este tipo de instalacións non superan a ocupación autorizada nin afectan á seguridade peonil, logo de que a rexedora anunciara, unha prerrogativa ao sector para mantelas co fin de paliar os complexos momentos económicos derivados da suba da inflación e poder manter, así, os postos de traballo e as economías familiares ás que sustenta.

Axentes do Corpo supervisarán con rigorosidade que se respecten as delimitacións establecidas. "Un labor que se intensificará e no que cotexarán as dimensións sinaladas nas autorizacións co espazo real que acaparan na vía, evitando excesos indebidos que comprometan a pro-



tección das e dos viandantes e mesmo o acceso aos inmobles", afirmou a alcaldesa. A medida terá carácter extraordinario e temporal, mentres non entra en vigor a nova Ordenanza que regulará a homoxeneización das terrazas, cuxa elaboración se atopa xa moi avanzada.

E tal e como xa anunciara tamén en días pasados, a rexedora incidiu de novo en que en 2023 se retoma o cobro da taxa municipal correspondente, despois de tres anos de exencións en apoio do empresariado local.

A cota de Lugo é unha das máis económicas das grandes capitais galegas, tras actualizarse o estudo de custos polo que se rexe e no que tamén se tivo en conta o contexto financeiro actual.

Segundo as novas tarifas, a partir do 1 de xaneiro deste exercicio, a hostalería lucense pasará a abonar polas terrazas que instalen na vía pública 30'84€ ano/m<sup>2</sup> cando se trate de rúas con clasificación de 1ª categoría, 16'50€ ano/m<sup>2</sup> as de 2ª e 9'48€ ano/m<sup>2</sup> as de 3ª.



**ESCOLARES.** Un grupo de nenas e nenos que participaron nas visitas escolares á Praza de Abastos e ao Mercado Municipal organizadas pola Tenencia de Alcaldía. Foron recibidos polo concelleiro de Educación, Felipe Rivas e Cristina López, responsable da área de Participación.

## O CEI Nodus conta con 12 espazos libres

O Concello pon a disposición dos emprendedores e emprendedoras lucenses 12 espazos no Centro de Empresas e Innovación (CEI-Nodus) para impulsar novos negocios na cidade e apoiar o emprendemento local. "Actualmente contamos con doce espazos dispoñibles, adaptables ás necesidades de cada emprendedor e de cada actividade", explicou a alcaldesa Lara Méndez durante unha visita a estas instalacións municipais, na que estivo acompañada pola edil de Desenvolvemento Local e Emprego, Ana Abelleira.

Entre os criterios que se avaliarán para a súa adxudicación figuran a solvencia técnica e económica do proxecto, o grao de innovación e compoñente tecnolóxico, así como o potencial de xeración de emprego, repercusión da iniciativa e a súa contribución ao desenvolvemento socioeconómico. "En concreto, atópanse dispoñibles nove despachos situados no primeiro e segundo andar, de entre 32 e 64 metros cadrados; un laboratorio, de 104 metros cadrados, situado na pranta baixa; e dous talleres, de 62 e 93 metros cadrados, situados tamén na pranta baixa" explicou Méndez. "A maiores, neste intre, ata cinco empresas poden madurar a súa idea de negocio e traballar sobre o seu proxecto no semilleiro de empresas do que tamén dispón o CEI", engadiu.

**EN BOAS MANS**  
CENTRO DE FISIOTERAPIA

<p><b>SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO</b></p> <p><b>FISIOTERAPIA</b> Deportiva Neurolóxica Traumatolóxica Drenaxe Linfático E.P.I. / EPTE</p>	<p><b>TRATAMIENTOS</b> Accidentes de tráfico Lesións Deportivas Neurológico Traumatolóxico Ondas de Choque Radiofrecuencia Game Ready Sistema SIS</p>
---	---

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com  
info@boasmans.com

DISTRIBUIDOR AUTORIZADO

# MÁSMÓV!L

NEGOCIOS

SERVICIOS INMOBILIARIOS  
SEGUROS DE PREVENCIÓN DE RIESGOS  
SEGUROS GENERALES

**¡SE NECESITAN COMERCIALES!**

**VALIREY LUGO S.L.**  
Oscar Valiño Pin  
Ronda das Fontiñas Nº 215 Bajo - 27002 Lugo  
628 126 720 - info@valireylugo.com

# O orzamento aumenta o investimento e o reforzo das políticas sociais

A alcaldesa, Lara Méndez, e o tenente de alcaldesa, Rubén Arroxo, presentaron o Proxecto de Orzamentos do 2023, que serán, un ano máis, “expansivos e sociais, co fin de continuar co impulso da segunda gran transformación verde e sostible de Lugo na que traballamos desde o mandato pasado e para o Plan de Recuperación Económica que activamos tras a pandemia e no que estamos a investir a maior contía económica da nosa historia”, sostiveron. Marcaron as 4 liñas principais. A primeira a conxelación un ano máis, das taxas e os impostos municipais. En segundo lugar o mantemento das importantes contías dedicadas a ser escudo social e protexer ás persoas e colectivos máis vulnerables. A estas políticas municipais destinaranse preto de 30 millóns de euros, “dirixidos aos programas sociais de benestar, persoas maiores, muller e infancia, e partidas coas que traballaremos para acadar mellores niveis de calidade de vida, atender aos colectivos máis vulnerables e integrar aos sectores máis desfavorecidos, así como para fomentar a oferta educativa, deportiva, cultural e turística, e marcando, así mesmo, unha implicación decidida dos distintos sectores sociais e económicos como impulsores dos cambios”, remarcou. En terceiro lugar o incremento do capítulo de investimentos un 17,85% respecto ao 2022 ata acadar os 14 millóns de euros, “unha cifra histórica dirixida moi especialmente á reactivación da economía e a facer fronte aos novos retos que afronta a cidade”, comentou Lara Méndez. E por último un aumento do capítulo

de gasto corrente nun 9%, indispensable para cubrir a suba de prezos en servizos e investimentos e atender as necesidades da cidade como son as da limpeza, zonas verdes e medio ambiente, con novos contratos que case duplican os existentes, ou o transporte que segue a ser reforzado con importantes dotacións.

**SOLVENCIA.** Lara Méndez aclarou que “estas contas son posibles grazas á posición de solvencia e estabilidade do Concello que acadamos no 2017 do pasado mandato, ano no que logramos unha débeda cero, débeda cero que se mantivo durante todos estes anos”.

A rexedora lembrou que “o Proxecto de Orzamentos tamén responde aos obxectivos que nos marcamos como municipio no Plan de Acción da Axenda Urbana Lugo 2030 recentemente aprobado tras desenvolver distintos procesos de participación cidadá entre a poboación e os distintos sectores sociais e económicos”. En canto ao capítulo de ingresos, o seu aumento fundaméntase no incremento das achegas procedentes do Estado pola vía da participación nos seus tributos, ao cofinanciamento do Fondo Europeo con cargo aos Next Generation e á previsión por ingresos das taxas urbanísticas que, segundo á área de Intervención, se alcanzarán tras a entrada en vigor da nova ordenanza reguladora, que permitirá axilizar a tramitación.

**PRIORIDADES.** A medio prazo, o orzamento de 2023 está orientado á execución dos fondos europeos de recuperación con liñas dirixidas á



dixitalización, ao desenvolvemento sostible e á cohesión social.

Destacaron entre as partidas de investimento os 6,5 millóns de euros do proxecto Corazón Verde para a peonalización integral do Casco Histórico, que se desenvolve cos fondos europeos, os 1,4 millóns nos proxectos europeos DUSI Muramiñae de accesibilidade da trama urbana co río, impulso e coidado do patrimonio e mellora do Carme. Tamén os 658.683 euros para a creación dun centro etnogastronómico na Fábrica da Luz a través da liña de 2 millóns do Plan Estratégico de Turismo, solicitados aos fondos europeos, os 340.000 euros en mellora de infraestruturas e iluminación pública no rural ou os 60.000 euros en accesibilidade. Sen esquecer os 200.000 euros na modernización tecnolóxica e os 394.000 euros na modernización do parque de Bombeiros para mellora a seguridade cidadá.

Lara Méndez incidiu en que estas obras son a curto prazo e engadiu as actuacións de melloras e renovación dos parques infantís a construción da futura estación intermodal.

**ESPAZOS.** Pola súa banda, o tenente de alcaldesa, Rubén Arroxo, presentou as partidas das áreas de Mobilidade e Infraestruturas, Participación e Servizos para a Veciñanza, Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, incidindo en que están deseñados baixo a idea de “continuar a avanzar no proxecto de cidade co que levamos anos mellorando Lugo, facendo unha cidade máis amable para as persoas”, o que se amosa coas quince rúas peonalizadas, nas que se gañaron 18.000 metros cadrados para a veciñanza que antes estaban ocupados polos coches”.

Afirmou que “con estes orzamentos, Lugo continuará a avanzar na recuperación do espazo público, no aforro enerxético e na mellora dos espazos urbanos, ademais de manter a decidida aposta o pola cultura local e de base, poñendo en valor ás e aos artistas locais”.

No tocante á área de Mobilidade e Infraestruturas, Arroxo anunciou o investimento de 140.000€ para a segunda fase da peonalización da rúa Isaac Díaz Pardo, “para rematar esta rúa do barrio de Recatelo”, ex-

plicou, e anunciou tamén 460.000€ para a renovación do Carril dos Loureiros. A esta renovación súmase a do muro de Frei Plácido Rei Lemos. “O persoal técnico do Concello de Lugo leva máis de 15 anos revisando o desgaste deste muro e decidiuse actuar agora, antes de que a estrutura continúe a deteriorarse”, explicou o tenente de alcaldesa, que avanzou un investimento de 650.000 euros. Tamén destinaranse 30.000 euros para a rotonda da Fonte dos Ranchos; 700.000 para pavimentacións nas zonas urbanas e periurbanas e 200.000 para as zonas industriais.

Ao plan de renovación de alumeados públicos urbanos dedicarase 300.000€ euros, “que este ano se centrará nos pasos de peóns e itinerarios peonís despois de 3 anos actuando en moitas rúas da cidade”. No tocante á área de Participación, destacou un investimento de 100.000€ para mellorar as instalacións da Praza de Abastos e 5.000€ para realizar investimentos no Cemiterio Municipal, “para atender tanto as demandas dos distintos vendedores e vendedoras como dos compradores da Praza de Abastos e no Mercado, así como ás necesidades do Cemiterio”. Á área de Cultura continuará a manter unha ampla programación cultural durante todo o ano, apostando polo tecido cultural local e pola promoción turística da cidade.

Arroxo anunciou 15.000 euros para a adquisición de instrumentos na Escola Municipal de Música “un servizo que permite a moitas persoas estudar música sen ter en conta a súa capacidade adquisitiva”, mentres que as distintas instalacións culturais contan cunha partida de 25.000 euros para a realización de actuacións de mantemento, e a área de Educación conta con 3.000 euros para a renovación de mobiliario nas instalacións.

**el Rey del Colchón**

SOMOS LOS ÚNICOS FABRICANTES DE COLCHONES A MEDIDA EN LUGO

Fabricamos todo tipo de colchones, en todas las medidas para caravanas, camiones... ¡A PRECIOS DE FÁBRICA!

Tolda de Meilán, 23 (Ctra. Coruña, detrás de Comercial Cereijo) Lugo. Tel.: 982 265 248

VISITANOS TAMBIÉN EN SARRIA Calvo Sotelo, 14 Bajo - Sarria (Lugo). Tel.: 627 474 777

[www.dormeenflex.es](http://www.dormeenflex.es)

**Librería Troll**

Todo lo que necesitas para tu oficina lo tenemos

Y para mejorar también

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500  
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

## Inician os procedementos para contratar os servizos de limpeza e mantemento de zonas verdes

Iniciouse o procedemento para contratar o servizo de limpeza nos diferentes centros e dependencias municipais, así como nos colexios públicos de ensino infantil e primario da cidade.

“Unha licitación – artellada nun só lote para incrementar a súa eficiencia – que suporá un antes e un despois na prestación”, segundo recoñeceu a rexedora, “non só polo incremento dos parámetros de calidade que contempla, senón tamén pola inclusión no mesmo das novas instalacións que están en execución ou a punto de entrar en funcionamento, o que obriga a un esforzo orzamentario considerable, xa contemplado nos Presupostos de 2023”.

O novo contrato inclúe a realización de limpeza habituals ou ordinarias (que son aquelas que teñen unha frecuencia diaria e superior á diaria pero inferior á semanal), limpeza programadas (tamén de execución diaria pero con menor nivel de esixencia ou dificultade técnica como limpeza de cristais, teitos e luminarias, etc) e limpeza extraordinarias para atender a aquelas necesidades imposibles de programar, como por exemplo as derivadas de feitos naturais como inundacións, temporais, etc.

“Contémplase ademais a realización dun máximo de 3.400 horas anuais para atender á execución de traballos a demanda, que son os considerados como por encima do previsto, a maiores da carga horaria mínima, e que se atopan motivados por necesidades extraordinarias e xeralmente imprevistas e ineludibles vinculadas a causas sobrevividas en calquera depen-

dencia e por calquera motivo”, subliñou.

**ZONAS VERDES.** Tamén foi adjudicado o novo contrato para o mantemento das zonas verdes do municipio, “que suporá o coidado integral e minucioso dos 1’3 millóns de m<sup>2</sup> de parques e espazos axardinados da cidade baixo parámetros de sostibilidade e calidade ambiental”, sostivo a alcaldesa, Lara Méndez. Unha licitación moi ambiciosa na que se investirá 14.846.611 euros nos vindeiros cinco anos que dura a concesión (sen posibilidade de prórroga), outorgada á empresa Calfensa.

Duplicase con este novo contrato a superficie que quedará atendida pero tamén e, por tanto, multiplica considerablemente o seu custo, “o que dá conta da aposta clara e decidida deste Goberno por mellorar a calidade de vida da veciñanza, para que atope nestas contornas un espazo coidado de ocio, descanso e socialización, ao tempo que contribuímos a incrementar a boa imaxe de Lugo entre lucenses e visitantes, poñendo en valor o noso patrimonio natural”, sostivo a rexedora.

A mandataria incidiu en que o contrato atenderá á totalidade de tarefas de conservación e limpeza das zonas verdes, facendo fincapé, especialmente, no que ten que ver co seu aseo, mantemento e reposición inmediata de especies e elementos do mobiliario urbano, “co obxectivo de que o bo ornato sexa permanente e que este se acade baixo premisas sustentables e ecolóxicas, en consonancia co modelo de cidade que construímos”.

## O balance Lugo en Cifras aposta pola recuperación da economía

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o secretario xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez, presentaron *Lugo en Cifras 2022*, un estudo elaborado pola organización empresarial grazas á colaboración da institución provincial e que recompila os datos sociolaborais, demográficos e económicos máis significativos da provincia e dos 67 municipios que a conforman.

Destacou Tomé Roca que esta é unha publicación “que proporciona un coñecemento que serve como punto de partida para deseñar o futuro. Para detectar e resolver problemas, e para aproveitar mellor os moitos aspectos positivos da nosa economía”. Subliñou que o Lugo en Cifras mostra “ás claras o impacto da pandemia: A provincia de Lugo perdeu unhas 1.000 empresas entre xaneiro do ano 2020 e xaneiro de 2021, pero tamén demostra a capacidade de recuperación da nosa economía”. As principais novidades con respecto ao exercicio anterior tras a análise dos datos que figuran neste estudio teñen que ver, en palabras de Jaime López, con ese repunte da actividade económica, un efecto rebote da recuperación tras a importante caída de 2020 debido á COVID-19. Destacou que hai tendencias que espera que se consoliden dentro da actividade exportadora, a volta a unha balanza comercial positiva na provincia ou o restablecemento da actividade do sector turístico. “Uns anos que tamén poden ser bos para mellorar en cuestións como a nosa aposta por Internet. Nestes momentos, entre as empresas lucenses máis



pequenas soamente un 28,3% ten páxina web. As axudas á dixitalización como as contempladas a través do Kit Dixital do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia poden axudarnos neste ámbito se nos animamos a sacarlles proveito”, explicou.

Outros datos destacables do estudo é que no debuxo demográfico da provincia se segue ampliando o despoboamento e o envellecemento, onde é maior que no total de Galicia e de España. Vese así que continúa medrando a idade media dos lucenses, que pasa de 49,8 anos en 2019 a 50,35 en 2021. “O envellecemento e a perda de poboación na provincia son un deses grandes problemas que debemos analizar non soamente dende o punto de vista da oferta de servizos públicos”, sinalou Jaime López, que felicitou á Deputación pola rede de residencias posta en marcha polo organismo provincial.

Sigue medrando o peso dos fogares de parellas sen fillos, que mesmo gañan terreo aos monoparentais. En canto aos ingresos por fogar, medran os extremos e cada vez son máis as familias que

dispoñen de ata 400 euros ao mes e tamén aquelas que superan os 4.000.

No ámbito económico, a provincia de Lugo achega un 12,53% do PIB de Galicia (dato neste caso a peche de 2019) e levemente superior ao dato do exercicio anterior. Servizos, seguido de industria, sector primario e construción son os sectores que máis moven na economía provincial.

No ano 2021 viuse reflectido o comezo do crecemento da inflación, que no ano 2022 alcanzou cifras que non se vían desde fai décadas. O IPC, con cifras negativas no 2020, acadou o 6,4% en decembro do 2021, sendo desde entón notablemente crecente e impulsado polo aumento de prezos de produtos enerxéticos e carburantes.

A nivel laboral, a maioría dos máis de 136.000 traballadores que exercen na provincia de Lugo dedícanse por tanto, ao sector servizos (70,95%), que a pesar do descenso relativo anotado no ano 2020, volveu á senda positiva no 2021. Séguelle a agricultura (12,99%), industria (10,42%) e construción (5,65%).

## A hostalaría poderá manter as terrazas ata a nova Ordenanza

A hostalaría local poderá manter as terrazas nos seus emprazamentos actuais co fin de paliar os complexos momentos económicos que atravesará o sector debido ao incremento da inflación. Unha medida que terá carácter extraordinario e temporal, mentres non entra en vigor a nova Ordenanza municipal que regulará a homoxeneización destas instalacións e que, en todo caso, estará suxeita ao estrito cumprimento das limitacións espaciais que garantan a accesibilidade nas rúas.

Lara Méndez abordou nun encontro con representantes da APEHL os termos do novo bando de Alcaldía que se publicará nos próximos días para

dar oficialidade a esta decisión que a propia rexedora enmarcou na “prioridade de garantir a viabilidade dun sector crucial para o PIB local que sustenta as economías de numerosas familias da cidade, de maneira que, en primeira instancia, debemos protexer eses postos de traballo sempre en consonancia co debido respecto e consideración á convivencia veciñal”, salientou.

Tamén está previsto que comencen os operativos de vixilancia e control para supervisar con rigorosidade que se están a acatar as delimitacións establecidas, “evitando que as terrazas se excedan ou fagan unha ocupación abusiva da vía pública”.

## Unha plataforma de xestión integral mellorará os Servizos Sociais locais

O Concello de Lugo autoriza a adjudicación á empresa Imatia Innovation S.L da implantación dunha plataforma de xestión integral que contribuirá a incrementar a eficacia dos Servizos Sociais municipais.

A aplicación, que terá un custo de 70.180 euros contribuirá a facilitar o tratamento da información procedente das diferentes áreas municipais, propiciando a interoperabilidade entre departamentos e co resto de organismos públicos cos que a Administración local traballa en rede.

Deste xeito, o Executivo de Lara

Méndez, continúa dando pasos na modernización tecnolóxica da Institución, nesta ocasión, a través da Estratexia Dusi – Muramiñae.

O novo sistema permitirá aunar os datos estratéxicos e dar soporte integral á Concellería de Benestar, que dirixe Olga López Racamonde, favorecendo a abordaxe e tramitación dos expedientes, o acceso e custodia da información e a conectividade cos sistemas informáticos doutros organismos, como pode ser o da RISGA ou o do Servizo de Atención á Dependencia da Xunta de Galicia.

Segundo sinalou a edil, o contrato terá un prazo de execución de 10 meses para a instalación das ferramentas dixitais e outro de 2 anos para o soporte e mantemento, que non poderá ser prorrogado.

Olga López incidiu na utilidade da plataforma como “unha solución tecnolóxica que redundará especialmente na celeridade do labor municipal e que reverterá directamente nas relacións coa cidadanía e co resto de entidades, en tanto incrementará a dilixencia dos procedementos e a funcionalidade das prestacións públicas”.

# Arroxo prima a mellora do espazo público para os peóns no balance do mandato

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, fixo balance das actuacións executadas polas áreas da Tenencia de Alcaldía do goberno municipal no debate sobre o estado do concello.

Arroxo afirmou que “neste tempo Lugo pasou por grandes cambios, levando adiante proxectos importantes para o Concello e para a veciñanza”. Destacou “o avance de Lugo” neste período, con 15 novas rúas peonís tanto no centro da cidade como nos distintos barrios, 18.000 metros cadrados de novos espazos peonís en zonas como a Milagrosa, o Sagrado Corazón, Recatelo, Acea de Olga ou a Piringalla. “Temos que seguir, porque non hai día no que non haxa algunha persoa que solicite máis espazo público no seu barrio”, afirmou Rubén Arroxo, que puxo como exemplo a mudanza dun carril

que era prescindible para convertelo nun espazo para as persoas, con árbores e bancos, fixo que as persoas maiores con mobilidade reducida, que antes tiñan moi complicado saír da casa puideran ter un pequeno lugar de reunión onde poder xuntarse. “Por estas cousas, xa paga a pena, esta mellora fai que todas as críticas que verte a oposición en contra das peonalizacións perdan todo o valor”, afirmou o tenente Alcalde.

A Tenencia de Alcaldía traballou tamén no calmado do tráfico, “para cumprir, desde o minuto 1, o compromiso de mellorar a seguridade no espazo público”, afirmou Arroxo. A área de Mobilidade iniciou, ao comezo do mandato, un plan de tráfico nas contornas escolares, o que provocou un efecto chamada en todos os centros de ensino de Lugo, que



reclamaron intervencións nos seus entornos. Arroxo engadiu “hoxe ningún cuestiona estas intervencións, incluso conseguíuse que grupos de nenos e nenas poidan volver a ir ao colexio camiñando sos a través dos vieiros escolares seguros, algo que

parecía imposible”.

“Seguiremos avanzando para que non haxa nin un só punto da cidade no que ser un peón sexa motivo de inseguridade, cun paso máis de cara ao ano 2023, reforzando o alumeadado nos pasos de peóns”, anunciou Arroxo.

“Temos a muralla máis antiga do mundo que se conserva na súa totalidade, é un monumento que, polo seu contexto histórico, é moito máis importante que a torre Eiffel ou a Estatua da Liberdade”, afirmou Arroxo, que criticou “a falta de autoestima que demostrou a oposición neste mandato, criticando que a peonalización da Mosqueira era mala porque ía xerar atascos, ou que retirar o tráfico que pasaba a 20 cm da Muralla era malo, porque un só carril ía xerar atascos”. O tenente Alcalde afirmou que “sería inconcebible ver 15.000 coches diarios rozando as pirámides de Guiza, mais en Lugo faciano coa muralla máis antiga do mundo que se conserva completa”. “Imos seguir protexendo a Muralla, retirando vehículos do seu redor, porque a Muralla no futuro será peonil”, afirmou Rubén Arroxo, que

destacou “hoxe a Muralla xa rexistra 4.000 vehículos diarios menos, e seguiremos traballando para reducir o tráfico”.

Arroxo explicou que “para poñer en valor a Muralla é preciso que a Xunta faga o traballo pendente”. Para o tenente alcalde é inaceptable que os orzamentos da Xunta leven unha vez máis “partidas irrisorias” para a rehabilitación do barrio da Tinería. Un barrio no que desde a chegada do PP ao goberno galego só se rehabilitou unha casa cada 4 anos. “Un PP que no 2009 renunciou ao proxecto de recuperación do Pazo de Dona Urraca, un proxecto que xa estaba adxudicado e polo que houbo que gastar cartos públicos en indemnizar á empresa para que non se executase a rehabilitación”.

“Ante isto, o modelo que executamos desde a Tenencia de Alcaldía é o de converter a Muralla de Lugo nun dos mellores monumentos do planeta, para nós e para a maioría das veciñas e veciños de Lugo xa o é, e seguiremos traballando neste camiño”, afirmou Arroxo.

“Seguímos a apostar pola cultura local, apoiando o traballo das e dos artistas de Lugo e recoñecendo a súa calidade, malia que a oposición diga que son grupos de escaso nivel”, afirmou Rubén Arroxo, que engadiu “seguiremos a encher as rúas e prazas de actividade cultural, porque a cultura ten que estar na rúa, ao alcance da veciñanza, tal como fixemos e seguiremos facendo”.

Rubén Arroxo destacou o traballo realizado durante este ano de cara a dinamizar a Praza de Abastos e o Mercado Municipal.

Arroxo rematou a intervención destacando que Lugo “seguiremos traballando para avanzar no cambio desta cidade, construíndo un Lugo para que a veciñanza de Lugo poida desfrutar del”, e marcou como obxectivo para 2023 “continuar o traballo para que Lugo sexa unha cidade máis marabillosa do que xa é, tanto para vivir como para visitar”.

## Méndez destaca as políticas da sostibilidade e a innovación

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, realizou un balance deste último ano de mandato no Debate do Estado do Concello, que vinculou ao balance do resto do mandato.

“Ocupámonos do importante e do urxente, como xa explicamos en balances anteriores deste mandato, asentamos as bases da recuperación social e económica da cidade dos vindeiros anos e avanzamos claramente na segunda transformación de Lugo, unha das claves do meu compromiso como Alcaldesa neste mandato, que se articulou desde todas ás áreas de Goberno”, dixo, apuntando a un “novo modelo urbano, social e económico coa veciñanza no centro das nosas accións e baseado na humanización, a sostibilidade e a innovación, que é imparabile porque mellora os ratios de calidade de vida”.

A alcaldesa presentou un balance de xestión positivo destes case catro anos porque “a pesar da súa enorme complexidade e dos retos ante as grandes recesións, a cidade sae reforzada e con máis ferramentas que nos posicionan á vangarda para impulsar o noso crecemento”.

Así, destacou como unha das fortalezas do mandato a execución de todos orzamentos, que creceron máis dun 18% en tres anos e que se caracterizaron por dispoñer das partidas máis altas da historia destinadas a fins sociais.

o Concello puido activar políticas de apoio aos colectivos vulnerables e aos sectores económico durante a pandemia grazas a que o Conce-

llo tiña liquidez e unha economía saneada con débeda cero desde o 2017.

E lembrou, así mesmo, que o Concello amortizou hai 5 anos unha débeda a longo prazo que no ano 1999 ascendía a 60 millóns de euros, último ano do goberno do PP en Lugo. Entre as medidas adoptadas, citou, como exemplo, as axudas directas por valor de 6 millóns de euros para que pequenas empresas e autónomos asumisen os gastos do día a día; o mantemento das empresas prestadoras de servizos ao Concello ou o incremento das axudas en emerxencia social, na atención nos domicilios e nas axudas ao aluguer.

Grazas a capacidade financeira do Concello, “fomos quen, neste mandato, de seguir mantendo conxeladas as taxas e os impostos municipais”, comentou.

E a terceira fortaleza de Lugo, dixo a rexedora, son os recursos acadados dos fondos europeos enmarcados todos nunha estratexia transformadora, e lembrou que neste mandato xestionou 44,5 millóns de euros de fondos europeos, que permiten ademais, “impulsar o investimento público”.

Entre este fondos, destacou o investimento de 9 millóns para a peonalización integral do casco histórico, “onde gañaremos espazos para a cidadanía para encheiros de vida, poñeremos en valor os espazos emblemáticos, renaturalizaremos as prazas e rúas co fin de minorar a contaminación atmosférica, o ruído e as vibracións, altamente prexudiciais

para a saúde, pero tamén conservar o patrimonio histórico, especialmente para os Bens Patrimonio da Humanidade”. “Será -apuntou Méndez- a primeira Zona de Baixas Emisión de Lugo, tal e como nos obriga a lexislación, e na que traballamos agora cos procesos de escoita de suxestión da veciñanza”.

**FONDOS EUROPEOS.** Tamén falou dos 3,3 millóns de euros destinados a obras de mellora enerxética en edificios municipais; o salto de xigante na modernización na Administración electrónica; ou a as obras da estratexia Muramiñae, coa que se mellora a conectividade da trama urbana co río a pé e en rutas ciclables (senda verde ciclista, a pasarela Tanxurela, o paso soterrado da NVI, case finalizado, a peonalización da Calzada da Ponte, as obras de mellora en rúa Pousadela); a apertura en breve do edificio interxeracional de Lamas de Prado e das Caladas; a posta en valor do barrio singular do Carme, “outro proceso xa imparabile para recuperar unha das zonas de maior beleza da cidade, que debemos preservar pola súa ubicación ao lado da Muralla e polo patrimonio que alberga”, onde se peonalizará a rúa do Carme, se recupera a cloaca roma e se traballa na construción do proeiro coliving artístico municipal”.

Lara Méndez puxo en valor o programa LIFE Lugo+ Biodinámico, “que nos sitúa xa no mapa galego, estatal e internacional como cidade innovadora na construción das cidades sostibles.



## Renovación da traída no Grupo La Paz

Abríuse un novo proceso de licitación para reactivar a renovación da traída de augas no Grupo La Paz. Un procedemento que se tramitará pola vía da urxencia e en paralelo á terminación do expediente de resolución do contrato á anterior adjudicataria por recaer en reiterados incumprimentos do prazo de execución das obras. Autorizouse a contratación das tarefas de substitución das canalizacións de fibrocemento existentes en 10 vías da urbanización de Fingoi, por outras de fundición, máis duradeiras e resistentes. Labores que foron cuantificados en 616.204 euros e que deberán finalizar nun prazo de 6 meses.

## Cobertura do parque da Fonte dos Ranchos

A Concelleira de Medio Ambiente avalía o procedemento máis axeitado para proceder á cubrición do parque infantil da Fonte dos Ranchos. O edil lembrou que “a actuación obedece ao compromiso adquirido pola rexedora, Lara Méndez, coa veciñanza, durante os encontros cidadáns que a mandataria mantivo ao abeiro do programa de embelecemento urbano Dito e Feito”. O Concello tamén ten previsto acondicionar outros dous espazos infantís sitios na mazá como son o inferior, fronte aos xardíns de Simón Bolívar na Rolda do Carme, e o ubicado na rúa Quiroga. Entre os parques renovados destacan os de San Roque, Río Mandeo, na Avenida das Américas e a cubrición de Augas Férreas.

## Melloras nos barrios Milagrosa e Feijóo

Este mes comezarán as visitas porta a porta do traballo técnico que recollerá o diagnóstico e as propostas de rexeneración urbanística do barrio da A Milagrosa e do barrio Feijóo. Cos traballos que se iniciarán tras as festas de Nadal, o Concello de Lugo quere declarar este espazo como Contorna Residencial de Rehabilitación Programada (ERRP), “a nova denominación do que antes se coñecía como Arru ou Ari”, puntualizou Méndez, “que é o trámite previo para poder concorrer ás axudas que se habilitan ao abeiro dos Fondos Next Generation e que temos vontade de solicitar para propiciar a rexeneración destas contornas”.

## O Concello solicita información do proxecto da Rolda Leste

Dende o Concello de Lugo solicitan á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a información relativa ao proxecto previsto para a Rolda Leste. A alcaldesa lucense sinalou que “o Executivo autonómico anunciou a recepción do documento técnico para a supervisión do trazado previsto polo que, en base á lealdade institucional que nos debemos e á transcendencia da obra, solicitamos nos traslademos os datos necesarios – xa que, ata a data, só coñecemos o divulgado polos medios de comunicación – para poder valorar tamén o seu impacto logo de que xurdiran vo-

ces contrarias ao mesmo”. Lara Méndez incidiu no tono conciliador da petición, “que atende á necesidade de materializar canto antes unha dotación que suporá un revulsivo para a canalización do tráfico rodado cara o HULA”. “Non podemos esquecer que se trata dun hospital que é centro de referencia para toda a provincia e cuxas conexións agardan dende hai máis dunha década para completarse, permitindo liberar a arteria da Avenida de Fontiñas como a vía máis directa dunha gran parte da cidade ás instalacións sanitarias”, engadiu a rexedora.

## Continúan os traballos de mellora en rúas do Ceao



A concellería de Infraestruturas está a traballar na renovación dos espazos públicos na rúa da Inspección e no primeiro treito da rúa da Agricultura, no Ceao. Rubén Arroxó explicou que “continuamos a investir nas zonas industriais de Lugo cunha nova actuación en dúas rúas do Ceao que presentaban un avanzado estado de desgaste, tanto nas beirarrúas como na estrada”. Os traballos consisten en habilitar unha nova capa de rodadura para o

tráfico rodado baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Ademais, renóvanse as beirarrúas, ampliándose onde sexa posible e instalanse novas canalizacións e sumidoiros, o que mellorará a drenaxe da rúa. Os traballos foron adjudicados por 193.963€, e contan cun prazo de execución de 4 meses.



**EXPOSICIÓN.** A exposición itinerante sobre a segunda transformación de Lugo aos desafíos que se inclúen na Axenda Urbana 2030 Lugo Cidade Viva está instalada na praza de Rolda de Carme e poderase visitar ata despois de Reis.

## Adjudicado o contrato da demolición do Garañón

O Concello anuncia a adjudicación do contrato mixto para a redacción do proxecto, a dirección facultativa de obra e a demolición do Garañón a Xestión Ambiental de Contratas por un importe de 578.035 euros. A empresa adjudicataria disporá de 30 días naturais máximo para presentar o proxecto de derruba e, posteriormente, doutros 120 para executar os labores correspondentes. O procedemento, que se acometerá por execución subsidiaria, atende á contratación non só do proxecto visado de obras completo, senón tamén á reposición ao estado orixinal dos terreos, a execución das obras, así como a dirección facultativa necesaria das mesmas, que abranguerán a todo o edificado. As bases do contrato contemplan a obrigatoriedade de realizar un seguimento da obra cunha periodicidade mínimo de 15 días, coa intención de controlar o progreso das tarefas e

verificar diferentes aspectos. Ademais, durante a execución dos traballos de derruba e acondicionamento da parcela, esta deberá estar debidamente delimitada cun valado de 2 metros de altura en todo o ámbito da URPI 58 que garanta a seguridade e impida o acceso de persoas alleas á mesma. Ese peche perimetral deberá ser retirado posteriormente, con carácter previo á entrega da obra ao Concello, que se fará en perfectas condicións de limpeza e mesmo coa totalidade da contorna dotada de céspede. De xeito paralelo a este proceso, o Concello segue a traballar na modificación puntual da unidade Urpi-58 do PXOM que comprende este espazo, mentres se renden contas, trimestralmente, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre os pasos dados para o cumprimento da sentenza sobre a reposición da legalidade urbanística na contorna.

## Comezan a construción do coliving na zona do Carme



As obras do primeiro coliving artístico municipal de España xa deron comezo. Este espazo pretende “promover o talento e a industria cultural da cidade e potenciar, como unha experiencia turística innovadora, o Camiño Primitivo así como crear un novo espazo ao aire libre para o desenvolvemento de actuacións culturais, que permitirá poñer aínda máis en valor o emblemático barrio do Carme” segundo declarou a alcaldesa Lara Méndez. O proxecto inclúe a recuperación da que fora a vivenda do pintor e escultor Gómez Pacios e a construción dunha nova edificación que será área expositiva, así como a creación de 3.000 m<sup>2</sup> de infraestruturas verdes ao seu carón, que se habilitarán como zona cultural aberta a toda a cidadanía e que contará con programación propia. O obxectivo é recuperar este espazo

para que os artistas pasen tempadas e creen interrelacionando as súas disciplinas artísticas, nun proceso que poderán compartir cos peregrinos que percorran o Camiño Primitivo ao seu paso por Lugo. Por iso, a reforma da construción existente, de titularidade municipal, inclúe habitacións e espazos comúns e áreas de traballo e talleres. O equipamento cultural ampliarase cun novo edificio independente, que será de madeira e cristal para incrementar a sensación de lixeireza e evitar que resulte invasivo na paisaxe que, á súa vez, actuará como escenario de concertos, teatro e mostra do labor dos e das artistas residentes. En canto aos espazos verdes, o seu deseño dará resposta aos desniveis existentes desde a rolda do Carme á casa para que sexa accesible, polo que se estruturará en bancais creando distintos ambientes.



## O Goberno aproba a renovación da rúa Aquilino Iglesias Alvariño

O Goberno vén de aprobar a renovación da rúa Aquilino Iglesias Alvariño, na contorna de Lamas de Prado, así o anunciou Rubén Arroxo, que explicou que “continuamos coa renovación integral da contorna de Lamas de Prado, que comezou coa renovación da rúa principal, e que continuará coa mellora das perpendiculares”. A renovación desta rúa incluírá a mellora das actuais zonas peonís, con novo mobiliario urbano e ampliando o número de árbores instaladas nesta rúa. Os pasos de peóns elevaranse, “avanzando tamén no calmado do tráfico en toda a cidade, unha das solicitudes que cada vez realizan máis veciñas e veciños de Lugo”, explicou o tenente Alcalde.



O alumeadado público da rúa renovárase, avanzando na implantación de luminarias LED de baixo consumo, e engadindo novos puntos de luz nas beirarrúas e na zona de xogos que actualmente non contan con alumeadado, “eliminando as zonas escuras da rúa”, afirmou Arroxo.

O tenente Alcalde afirmou que “desde o Goberno de Lugo seguimos actuando nunha zona da cidade que require de moitas melloras no espazo público”. Unha vez os traballos den comezo, a empresa axudicataria terá un prazo de 6 meses para completar a renovación da rúa.

## Comezan a rehabilitación do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes

Iniciáronse as obras de rehabilitación integral do instituto IES Nosa Señora dos Ollos Grandes cun investimento de máis de 1,5 millóns de euros. Esta é unha das dez actuacións en materia de mellora de infraestruturas educativas que ten en marcha a Consellería na cidade cun orzamento de case 12 millóns de euros.

As obras, que teñen un prazo de execución de cinco meses, están enfocadas á acadar unha maior eficiencia enerxética e unha mellor funcionalidade do edificio.

No que atinxe á eficiencia enerxética, a actuación abrangue a substitución das carpintarías exteriores de aluminio por outras de madeira, o cambio do falso teito por outro de placa de xeso laminada, a instalación



de illamento térmico en toda a fachada do edificio, así como de luminarias tipo LED.

En canto á funcionalidade do edificio para adaptalo ás actuais necesidades do centro, vanse ampliar dúas

aulas e construír unha zona de aseos novos na segunda planta do edificio. Tamén se reestruturarán os espazos das salas de xuntas e da de profesores para gañar máis espazo para a biblioteca escolar.

## O Concello soterrará as liñas de media tensión na Louzaneta

O Concello de Lugo comprométese coa veciñanza da Louzaneta para executar no 2023 o soterramento das liñas de media tensión nos tres polígonos que conforman o sector, como forma de poder axudar a dar pasos na súa ordenación que leva moitos anos enquistada; ordenación que se viu, ademais, afectada por cambios normativos.

É obriga das Xuntas de Compensación acometer estas obras pero, ante a falta de avances significativos, o Concello podería executalas directamente, e logo distribuír os custos entre os tres polígonos que conforman o sector.

## O PP presenta alegacións á ordenanza de urbanismo e ao expediente da Fábrica da Luz

O Partido Popular presentou máis de 30 alegacións á ordenanza de urbanismo para tentar que poida axudar a resolver o bloqueo de licenzas. Tras “estudar e analizar o borrador deste documento”, Antonio Ameijide explica que “a proposta de Lara Méndez non resolverá o bloqueo na resolución das licenzas, polo que o Grupo Municipal Popular rexistrou un documento cunha trintena de alegacións consensuadas durante unha reunión de traballo cos profesionais do sector”.

Algunhos exemplos son os artigos 8 e 23 nos que o PP considera que “sería convinte incluír unha aclaración de cara a tramitación da ocupación de vía pública en caso de comunicacións previas, De xeito que non sexa preciso agardar á resolución favorable da comunicación previa para a solicitude e posterior autorización dunha ocupación de vía pública”.

Outra alegación corresponde co artigo 26 que di “presentada a solicitude e unha vez realizada a verificación documental, se esta non reúne os requisitos ou se a documentación está incompleta, requirirase á persoa interesada para que no prazo de 15 días, corrixa a falta ou achegue a documentación preceptiva, con indicación de que se non o fai, teráselle por desistida da súa petición”. O PP considera que “a redacción parece un tanto inxusta para o administrado, quedando absolutamente desprotexido en caso que na resposta ao primeiro e único requirimento non cumpra todo o pretendido polos técnicos municipais. Calquera que coñeza o día a día do sector sabe

da ambigüidade das normas en ocasións, que provocan diferentes interpretacións”.

Por outra banda “o prazo de 15 días, en certos requirimentos é un prazo case imposible de cumprir en función da envergadura dos cambios precisos e propónse que non se poida declarar a caducidade do procedemento dando unicamente unha oportunidade de responder ao administrado e en caso de requirimentos de gran calado no proxecto dar un prazo maior para os cambios”.

**FÁBRICA DA LUZ.** O Partido Popular presentou alegacións ao expediente da Fábrica da Luz, “para que sexan os responsables políticos os que paguen do seu peto” xa que “no estudo deste expediente de 8.000 folios quedounos clara a vinculación e coñecemento da alcaldesa de solicitar a prórroga polo que a rexedora debe explicar a todos os lucenses por que non se solicitou en prazo a prórroga, por que se desatenderon os requirimentos e por que non se solicitaron os informes xurídicos pertinentes”.

O viceceiro popular tamén sinala que “neste expediente hai outra cuestión capital que se debe aclarar, a participación de Daniel Piñeiro no expediente e a súa vinculación con Adega. Unha cuestión que non é menor xa que cómpre saber se a vinculación do ex concelleiro con Adega, organización ecoloxista á que pertencía o concelleiro que boicoteou o proxecto, puido influenciar dalgún modo para acabar provocando esa indemnización de 2.4M€”.

**BEMER**

Recorta este anuncio, pide tu cita y disfruta de **¡10 sesiones GRATIS!**

Últimamente podemos ver a diario en la prensa el titular: **"HAY UN ESTUDIO QUE DICE..."**

En BEMER tenemos más de 50 estudios científicos que hablan de la terapia físico vascular y sus beneficios en la salud del cuerpo humano.

**PRUÉBALA EN**

**Verxel**  
HERBOLARIO

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo. Tel.: 982 251 827  
josemanuel@verxel.es www.verxel.es

**escolActiva**  
Centro de Ensino

EN NUESTRO CENTRO TE AYUDAMOS CON:

- Pruebas libres EOI: inglés, italiano y gallego.
- Pruebas de acceso: universidad y ciclos.

**¡ASESORATE CON NOSOTROS!**

**ADEMÁS**

- Apoyo escolar en EP, ESO y BAC en todas las materias.
- Grupos de ciencias muy reducidos.

**NOVEDAD**

• **TEST DE INGLÉS CON EFSEI**

**¡INFORMATE!**

Rúa Camiño Real 48, bajo 27004 Lugo.  
676 115 427 / 982 807 670 / www.escolactiva.com  
Instagram.com/escolactiva facebook: @escolactiva

## Atendéronse 118 solicitudes de limpeza de fachadas

O Concello atendeu 118 solicitudes de limpeza de fachadas de casas e edificios privados a través do servizo gratuíto que ten en marcha. As rúas máis afectadas froito deste tipo de vandalismo en diferentes elementos da vía pública -muros, portas, paredes, fachadas, etc.- son as do centro da cidade, o barrio da Tinería e os parques públicos. Respecto ás pintadas existentes no casco histórico, está estipulado polo servizo que se limpe de forma periódica tres veces ao ano, independentemente de ter ou non

informe.

Para solicitar o servizo é necesario cubrir este impreso da páxina web do Concello debendo achegar a solicitude debidamente cumprimentada e a documentación acreditativa da propiedade ou representación da comunidade de propietarios e propietarios do edificio.

Dende a concellería de Medio Ambiente lembran que os cidadáns dispoñen dun teléfono de atención, que é gratuíto (900909671) para calquera dúbida ou consulta.

## O PP reclama eliminar os tapóns urbanísticos

Dendo o Partido Popular piden “eliminar os tapóns urbanísticos históricos para mellorar a seguridade e mobilidade nos barrios de Lugo”. O vicevicerio popular Antonio Ameijide explica que en numerosos barrios da cidade “hai estreitamentos de vías ou rúas que rematan en parcelas selváticas que requiren de intervencións e de orzamentos municipais”. O vicevoceiro popular afirma que “ata o grupo popular seguen chegando peticións dos cidadáns para que se eliminen os tapóns urbanísticos que provocan problemas de tráfico, accidentes ou incluso risco para os peóns. No ano 2020 o PP xa presentou, sen éxito na votación, unha iniciativa en pleno para que se fixera unha planificación e

se avanzase na supresión destes estreitamentos en rúas que entorpecen o tráfico e a mobilidade dos peóns”.

Antonio Ameijide “á vista de que o goberno local non ten interese en acometer estas intervencións que demanda a cidadanía pediremos no vindeiro pleno un plan calendarizado para axilizar a supresión destes tapóns urbanísticos”. “Primeiro hai que elaborar o censo e logo dar a prioridade de onde actuar”

O popular reflexionaba que “somos conscientes de que é imposible eliminar todos de golpe, tanto pola complexidade administrativa como pola carga económica pero, en calquera caso é necesario afrontar estas intervencións de forma planificada, con orzamentos anuais”.

## Cs aposta por dinamizar a rehabilitación dos barrios

A portavoz municipal de Cs, Olga Louzao, presentou un paquete de medidas que ten por obxectivo dinamizar a rehabilitación. “Lugo é a terceira cidade de España con máis vivendas baleiras, un 20% do total existente. Case un 40% das vivendas actuais teñen unha antigüidade superior aos 40 anos, e aproximadamente, 3.000 superan os 50 anos. Estes son motivos que fan máis que xustificable que esta administración se involucre na recuperación da habitabilidade de moitas destas vivendas, que non contan cunhas condicións minimamente dignas e causan un efecto nocivo sobre a convivencia en moitos

dos nosos barris así como en determinadas áreas do centro”.

Cs expón un conxunto accións para “evitar que os barrios da cidade sigan avanzando na súa degradación e que permitan recuperar zonas residenciais emblemáticas poñendo coto así aos crecentes problemas de convivencia veciñal”. Louzao explica que “é necesario adaptar a ordenanza municipal á normativa autonómica e estatal, difundir unha guía para simplificar a tramitación burocracia, elaborar un mapa de zonas en risco para fixar prioridades de actuación e habilitar unha liña de axudas para dinamizar a iniciativa particular”.

## Trapero Pardo abrirá o tránsito de vehículos á avenida de Breogán

A veciñanza da rúa Trapero Pardo e arredores leva tempo demandando a apertura da vía que os une coa avenida de Breogán e avenida das Américas, que actualmente está pechada cunha barreira de seguridade xa que a súa saída era cara á estrada N-VI. Tras unha reunión a alcaldesa comprometése a executar esta actuación e lembrou que agora pode ser unha realidade unha vez que este ramal da N-VI foi cedido ao Concello de Lugo tras as xestións realizadas co Ministerio de Fomento, polo que pasou xa a integrarse como vía urbana. Esta apertura é unha insistente petición da veciñanza da zona, e Méndez sostivo “que se traballará para facilitar o tránsito de vehículos como nos



están a solicitar”, e especialmente, apuntou, “se terá en conta que se poida realizar garantindo a máxima seguridade”.

“Esta actuación vai a permitir o tránsito de vehículos, tal e como nos solicitou a veciñanza, sempre garantindo a máxima seguridade viaria que

é un dos obxectivos, ademais de mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas da cidade, dando a opción de utilizar percorridos máis curtos que, por unha banda, contribuímos a mitigar o efecto contaminante e por outra, minoramos o tránsito rodado das vías máis urbanas” dixo.

## Renovan os colectores

Os labores de renovación dos colectores comezaron na ruta da Milagrosa, unha das catro nas que o servizo de recollida de lixo, EcoLugo, distribúe a cidade e que inclúe os barrios da Milagrosa, Abella, Piringalla, zona alta da Residencia e no centro do Castiñeiro.

Despois, o cambio proseguirá polo resto de rutas, chegando a todos os barrios e ao rural, onde se colocarán un total de 4.200 novos recipientes. Estanse a situar os colectores de recollida selectiva de fracción resto, de envases lixeiros e de papel e cartón, e máis adiante irán os de vidro e recollida orgánica.

A rexedora lembrou que son máis resistentes e máis baixos para permitir unha maior visibilidade e levan boca

co fin de que facilitar unha operación máis hixiénica e accesible.

A totalidade dos colectores que se están colocando, e que van ancorados para que non se movan, incorporan os sistemas intelixentes de control de enchido que permitirán mellorar a recollida e reducir o tráfico de camiións.

**CENTRO HISTÓRICO.** Comezou o cambio dos buzóns das illas de colectores soterrados do Centro Histórico, que se renovarán na súa totalidade. Os novos buzóns son máis fáciles e mellora a estética das rúas. Ademais, esta actuación completa os traballos de arranxo do mecanismo da estrutura que se realizaron xa en todas elas.



## O Concello acometerá un proxecto para poder ampliar o Cinto Verde

O Concello dará novos pasos para converter o Cinto Verde que segue os cursos fluviais dos ríos Miño, Rato e Fervedoira nun conector ecolóxico peonil e ciclista entre a zona urbana e a contorna fluvial, ao mesmo tempo que se recuperará o seu hábitat e impulsarán os seus usos para o ocio, o deporte e o esporeamento.

O obxectivo, según a alcaldesa, “é recuperar e conservar os principais hábitats naturais e seminaturais, fomentando a biodiversidade e favorecendo a rexeneración natural da vexetación potencial e da fauna asociada, así como contribuír a unha mobilidade máis sostible mellorando a conectividade peonil e en bicicleta do cinto,

reforzando o seu valor como parte da infraestrutura verde e azul de Lugo”.

O ámbito onde se intervirá agora serán 3 quilómetros da área suroeste que discorre entre a N-VI e o Miño, desde a Ponte Romana até o paso peonil baixo a estrada LU-11, que une o Parque do Miño co do Rato e A Tolda.

Ademais, incidirase en actuacións de recuperación e consolidación en outros dous espazos: na zona oeste, na contorna da Nova Ponte sobre o Río Miño que une a estrada N-VI coa estrada LU-612 (desde a Acea de Olga até o Parque do Miño), que é un espazo case residual, relegado a aparcadoiro e tránsito cara a outras

áreas, baixo a estrutura portante de alicerces de formigón do ramal de acceso da N-VI e a propia ponte; e na zona sur, que se sitúa na contorna do Caneiro de Santalla, desde a parcela do aliviadoiro da Tolda propiedade da Confederación Hidrográfica até o Parque da Tolda.

Construirase un carril bici de 3 quilómetros, cun trazado paralelo a N-VI, entre a Ponte Vella e o paso peonil baixo a estrada LU-11, que une o Parque do Miño co do Rato e entre a Ponte Vella e o acceso ao Balneario, discorrerá próximo á marxe do río e, debido ás limitacións de espazo e só neste tramo, será de coexistencia peonil e ciclista.

# Co fin do ano, acaban varias obras de calado

Abre ao tránsito peonil a esquina de San Roque coa Muralla tras 30 anos cunha pasarela e rematan outras obras de peonalización

Son varias as obras que aproveitaron a finalización do ano para rematar sendo unha das máis representativas a urbanización da esquina de San Roque, que xa abriu ao tránsito xeral totalmente remodelada. Unha intervención que Lara Méndez puxo en valor, en tanto “supón a recuperación dun novo espazo para a cidadanía co que se salda, á súa vez, unha antiga débeda que resolverá as conexións viarias na contorna, de gran valor patrimonial”.

Trátase dunha actuación de gran transcendencia que permite seguir avanzando no acondicionamento dun dos emplacements máis emblemáticos da capital – logo da peonalización da Mosqueira e da modernización e reforma dos xardíns e do parque infantil sitos nas inmediacións –, ao tempo que se solucionan tamén, de maneira respectuosa e permanente, as comunicacións de tráfico peonil e rodado en toda a zona, poñendo fin aos 30 anos de provisionalidade da anterior estrutura metálica que posibilitaba o paso de viandantes.

Así, a obra – financiada pola iniciativa privada e que tivo un custo de 123.757 euros – permitiu erradicar os espazos que resultaban insalubres ou entrañaban situacións de perigo para a veciñanza como podía ser a propia pasarela de acceso aos establecementos comerciais.

A rexedora recordou, alén, que a nova urbanización permitirá desenvolver posteriormente nesta ubicación unha superficie de 607 metros libres para edificacións e espazos para a poboación.

As solucións adoptadas permitirán que o fluxo peonil da Rolda da Muralla teña a súa continuación cunha beirarrúa de 4 metros de ancho que conecta co espazo que dá acceso ao edificio lindeiro cara a rúa Montero Ríos, ao tempo que o tráfico rodado veuse tamén mellorado co ensanche da rúa San Roque, incorporando un novo viario para o acceso ao Carril das Flores, onde coexiste o tráfico peonil e o rodado restrinxido, cun tratamento de firme diferente ao ser Camiño Primitivo. Neste caso, usouse granito con formigón desactivado, seguindo as preferencias de Patrimonio.

Este tratamento diferenciado prolongouse ata o paso de peóns do inicio de San Roque, para que o acceso rodado fora máis gradual. Así mesmo, o Carril das Flores ten agora un ancho aproximado de 6 metros na súa zona máis ampla, e de máis de 4 metros na zona de acceso desde a Rolda da Muralla.

Alén disto, os muros que se xeraron pola diferenza de cota que se produce entre Carril das Flores e a Rolda da Muralla revestíronse de sillería

de pedra para integralo na súa contorna, mentres que o muro lindeiro do Carril das Flores máis próximo á futura edificación resolveuse cunha varanda.

Entre outros detalles, a actuación contemplou obras de demolición e reposición de pavimentos na calzada, apertura de gabias para redes de servizos, derruba de muros e de dúas edificacións en San Roque (números 5 e 7), así como a construción da infraestrutura para a nova beirarrúa. Obras que afectaron ao subsolo nunha zona de ámbito PEPRI polo cal foi obrigada a realización das escavacións arqueolóxicas, sobre as que se exerceu un permanente e escrupuloso control.

**LUIS SEOANE.** As obras de renovación da rúa Luís Seoane xa están rematadas tamén e nas vindeiras semanas instalaranse as novas xardineiras para que a veciñanza poida desfrutar desta nova zona de paseo según anunciou o tenente alcalde Rubén Arroxó.



“Trátase dun proxecto importante para a mellora estética do barrio da Milagrosa, no que apostamos polo modelo de plataforma única con preferencia peonil, un modelo que xa está a funcionar noutras rúas estreitas como a rúa Sanxillao ou en Fingoí”, explicou o tenente alcalde..

A solución aplicada pola Tenencia de Alcaldía eliminou as barreiras arquitectónicas da rúa, creando unha serie de espazos de relación e descanso que permiten o desfrute da zona por parte da veciñanza, potenciando o carácter vivo da rúa ao longo do día. Estes espazos de relación dotaranse nas vindeiras semanas de mobiliario urbano como bancos e papeleiras, xerando pequenas prazas que favorezan o carácter peonil do conxunto. Ademais, mantivéronse as árbores existentes na súa posición actual, garantindo zonas de sombra no verán. Xunto coa transformación da rúa, renováronse tamén os servizos soterrados, como o alumeadado, cuxa instalación se soterrou, e preparouse tamén o sistema de canalizado para facilitar o soterramento das instalacións de electricidade e telefonía.

**SANXILLAO.** Rematou a renovación do espazo peonil situado entre as rúas Rof Carballo e Vila Verde. Arroxó explicou que “renovamos unha zona peonil que contaba cun adoquín moi desgastado, garantindo con esta intervención a accesibilidade das persoas que transitan por esta rúa”.

Arroxó explicou que a intervención consistiu en substituír o antigo adoquín por formigón impreso, “mantendo a estética da contorna cun pavimento que non sufrirá tanto desgaste”, e anunciou que o antigo adoquín que se atope en bo estado será reutilizado pola Brigada Municipal de Vías e Obras “para realizar reparacións na cidade”.

Xunto coa renovación do pavimento, a Tenencia de Alcaldía renovou unha canalización de alumeadado público e as rexas ao pé das escaleiras.

**GARCÍA PORTELA.** Finalizaron as obras de renovación do asfalto da avenida García Portela e da rotonda da praza de Avilés que levou a cabo o Goberno a través da concellería de Infraestruturas Urbanas.

O tenente Alcalde anunciou que “unha vez completada esta actuación, a veciñanza que reside e traballa por esta zona poderá desfrutar dunha rúa totalmente renovada”.

Os traballos que se executaron nesta zona consisten na renovación da banda de rodadura aplicando mestura asfáltica en quente, o que asegurará un selado do firme ante a acción da auga superficial, e garantirá unha duración prolongada da actuación.

## Abre o parque da Lembranza e o paso peonil do Marcos Cela á Volta da Viña



O Parque da Lembranza xa se atopa xa aberto ao público. Esta nova zona verde do barrio do Carme ten unha destacada pegada simbólica en tanto pretende ser unha homenaxe ás vítimas da covid-19, así como a todo o persoal que loitou en primeira liña e segue loitando contra a pandemia.

A rexedora lembrou que neste espazo, “a cidadanía lucense poderá atopar un lugar de reflexión ao acougo que brindan as especies autóctonas coa que se reforestou a área” que aglutina catro parcelas municipais nunha superficie de case 770 m<sup>2</sup>, situadas entre a Rolda do Carme e o Regueiro dos Hortos.

Os labores, iniciados en setembro, incluíron a creación de ca-

miños, plantación de céspede e vexetación arbórea, así como a instalación de alumeadado e de mobiliario urbano, “co obxectivo de habilitar un novo emplacement nun dos barrios máis emblemáticos da capital, para o lecer da poboación, incrementando a oferta de zonas verdes en Lugo”, indicou Méndez.

A actuación solucionou, alén, o problema de accesibilidade existente desde o Regueiro dos Hortos ata a Rolda do Carme – onde actualmente existen unhas escaleiras recentemente restauradas. O novo parque estará presidido por un conxunto escultórico en homenaxe tanto ás vítimas da Covid-19 como ás e aos profesionais que combateron activamente os efectos da crise sanitaria.

**PASO PEONIL.** O paso que comunica o parque Marcos Cela co mirador da Volta da Viña esta xa aberto. Un treito que ten tan só dez metros de lonxitude pero que está afectado por un importante desnivel que dificultaba a conexión peonil directa entre ambos espazos.

Este enclave, coincidente co trazado do Carril Bici, conta cun novo paso de peóns intelixente, que é capaz de detectar a presenza de viandantes para darlles prioridade ante o tráfico rodado e que foi complementado coa colocación de nova iluminación e de balizas.

Este sistema automático se activa cun sensor de presenza, aumentando a intensidade lumínica dun 30 a un 100%, o que provoca unha chamada de atención ao vehículo que se aproxima.



## Iníciase a contratación do novo polideportivo

Iniciouse o proceso de contratación para a redacción do proxecto do novo pavillón polideportivo que se construíra na Garaballa, denominada Lugo Sport Life.

Deste xeito, o executivo municipal licitou por un importe máximo de 80.000 euros a redacción do proxecto, dispoñendo as empresas interesadas dun prazo de catro meses para a súa execución. Cómpre subliñar que o Concello xa dispón dun anteprojecto, que se caracteriza polo uso de técnicas e materiais respectuosos co medio ambiente, coa inclusión de criterios de eficiencia enerxética e o emprego de madeira como elemento construtivo. A parcela na que se construíra o novo pavillón, de titularidade municipal, sitúase ao carón da Rúa Veiga Grande, fronte ao centro comercial As Termas, e ocupa unha superficie de 3.490,60 m<sup>2</sup>.

Disporá dunha pista central multifuncional, catro vestiarios e zonas de almacenaxe. Así, ofrecerá a posibilidade de albergar competicións de: fútbol sala, baloncesto (2 canchas), balonmano, minibasket

(4 canchas), voleibol (4 canchas), bádminton (4 canchas), ximnasia rítmica ou outros deportes de interior. Tamén disporá dunha zona de recepción e un espazo de carácter social.

A maiores, contempla un sistema de bancada retráctil para todo o complexo, acompañado de dúas pequenas bancadas laterais fixas, podendo albergar un aforo de case 1.000 espectadores segundo a configuración. Este sistema confire gran versatilidade á hora de ofrecer distintos espectáculos deportivos: segundo a modalidade deportiva recolocarase as bancadas, ao mesmo tempo que se aumenta ou diminúe a súa capacidade; e, dado o caso, tamén existirá a posibilidade de recoller todas as bancadas para aumentar o espazo dispoñible para calquera evento.

O novo polideportivo compartirá moitas das premisas do edificio Impulso Verde, pois o seu deseño seguirá os principios de eficiencia, sustentabilidade e innovación que marcarán o desenvolvemento da arquitectura nos vindeiros anos.

## Acometen obras de mellora na escola infantil Gregorio Sanz

O Concello de Lugo informou sobre o comenzo de obras na Escola Infantil Gregorio Sanz para “así mellorar os espazos ocupados polas crianzas que asisten diariamente á esta escola infantil”.

Os traballos de mellora das instalacións supera os 5.000 euros e continuarán nos seguintes períodos vacacionais para completar as necesarias intervencións e a superación de carencias que ven arrastrando o edificio dende épocas próximas a súa construción. Esta intervención realizase con fondos do propio Concello ao non aportar nada a Xunta de Galiza que é a verdadeira responsable da educación nestas idades. Os traballos consisten na transfor-

mación da soleira do patio exterior e o recubrimento de elementos verticais cun material anti-impactos de última xeneración. O recubrimento de zonas de xogo situadas no espazo exterior e o tratamento na zona transición para evitar a presenza de raios ultra violeta no interior.

O incremento da temperatura detectado por técnicos, e persoal da propia escola, vai ser atenuado cun tratamento especial para evitar a entrada de raios ultra violeta no interior da escola. Esta serie de actuacións melloraran a estancia no centro das crianzas e a súa execución durante as vacacións de Nadal evitarán as inevitables moletias que sempre producen as obras.

## Licitan a peonalización da praza de Santo Domingo e a rúa Teatro

Aberto o proceso de licitación da peonalización da Praza de Santo Domingo e a rúa do Teatro, a última obra pendente de contratar das actuacións comprendidas na planificación Zero: Corazón verde para a peonalización integral do Centro Histórico.

Esta intervención ten como finalidade reurbanizar e humanizar unha contorna neuráxica dentro do recinto amurallado, promovendo zonas peonís e de estancia nas que se demolerán a totalidade dos pavimentos existentes, se renovarán os servizos urbanos básicos como o abastecemento – para o que se substituirán as tubaxes de pvc e fibrocemento por outras de fundición dúctil – e se acometerá a execución da canalización para o soterramento dos actuais cableados grampados por fachada correspondentes a distintas compañías subministradoras de enerxía ou servizos telefónicos. Así, proxéctase a creación dunha plataforma compartida que amplía o uso peonil a todo o espazo público e que inclúe a dotación de mobiliario urbano moderno e polivalente, alén da renovación e incorporación de



elementos vexetais que favorezan a imaxe xeral da praza na que tamén se quere poñer de relevo e enfatizar a nobreza dos inmobles que contén. Incorporaranse, ademais, paradas de taxi próximas á entrada peonil ao estacionamento soterrado e ao arboredo para minimizar o seu impacto sobre a vía, mentres que ao carón dos accesos rodados do parking se instalarán xardíns con céspede e flores. Asemade, crearase unha zona de bordo perimetral combinado con arbustos de máis altura para as zonas interiores e habilitaranse aparcabiscos que contribuirán, sen dúbida, a proporcionar unha zona agradable que permita gozar da floración das especies, diminuindo a pegada visual das árbores de maior porte para

dar unha continuidade estética e de apertura cara a propia praza.

A pavimentación destas rúas resolverase mediante unha plataforma única que permita o acceso peonil inclusivo, sen que existan diferenzas de cota ou resaltes que puidesen entorpecer o tránsito.

En canto á circulación de viandantes e do tráfico rodado, esta distinguírase mediante diferentes acabados de granito e a nova iluminación que se incorpora será con farois de deseño contemporáneo que proporcionan unha iluminación versátil que achega valor ao espazo tanto a nivel arquitectónico como a escala humana. Os traballos, que teñen un valor estimado de 3.042.895 euros e, deberán acometerse nun prazo de 10 meses.

## Veciños da Milagrosa piden un novo paso de peóns e melloras na iluminación das rúas



A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa solicitan un paso de peóns na intersección da Avenida da Coruña coa rúa Río Narla nese cruzamento que vai cara á Avenida Reverendo José Fernández.

Desde a asociación din que “se trata dunha zona na que conclúe moito tráfico, xa que os vehículos tanto se dirixen cara á praza Agro do Rolo, como cara ao centro da cidade, así como tamén os que veñen da zona de Paradai pola rúa Río Narla ou van cara a saída da cidade pola avenida da Coruña”.

Ao tratarse “dunha zona densamente poboada e que actualmente supón un perigo para peóns, xa que os pasos máis

próximos atópanse moi afastados do cruzamento mencionado, solicitamos instállese un novo paso de peóns semaforizado para regular o tráfico peonil e rodado e así mellorar a seguridade viaria da zona” reclaman dende a asociación.

¡ A asociación celebrou unha reunión aberta aos veciños do barrio a que asistiron máis de 300 persoas, e onde puxeron de manifesto que “o barrio da Milagrosa é un barrio moi mal iluminado e que esta falta de iluminación xera inquietude e inseguridade, prexudicando a comerciantes e veciños”.

Din que as rúas pero iluminadas son Milagrosa, Yáñez Rebolo, Camiño Real Concepción Arenal, Lamas de Prado ou García Abad.

## Lugo demanda a conexión do polígono das Gándaras coa A6

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, supervisou, xunto ao presidente galego, Alfonso Rueda, o avance que segue a urbanización da III fase do Parque Industrial das Gándaras. A rexedora lucense, dando traslado tamén á demanda das asociacións empresarias dos Polígonos, entende que a Xunta de Galicia debe executar con apremio o procedemento para executar o enlace de conexión entre o Parque das Gándaras e a Autovía A6.

“Falamos dunha infraestrutura que é clave para a competitividade do municipio e que, de forma reiterada, lle vimos reclamando á Xunta mesmo a través da Mesa pola Diversificación Industrial que o ano pasado puxo en marcha o Concello e na que conflúen os diferentes axentes sociais da cidade, cun consenso unánime ao respecto da importancia que tería esta dotación”, afirmou Lara Méndez.

“Non podemos esquecer que nos atopamos nun momento transcendental para a recuperación económica dos territorios, no que factores como garantir a conectividade viaria resultan fundamentais para posibilitar a implantación e a consolidación empresarial e, polo tanto, o noso crecemento”.

# Aprobadas as axudas de Medio Rural para prevención de lumes

A Xunta de Goberno aprobou a resolución das axudas ao silvopastoreo convocadas pola área de Medio Rural no marco do programa de prevención de lumes O que non arde. As achegas, dirixidas a ganderías de ovino, cabrún e porcino, contribuirán a consolidar vinte e cinco proxectos de pastoreo en extensivo en terreos agrícolas e forestais, cun investimento total de 60.000 euros.

A deputada Mónica Freire explicou que “se recibiron máis de medio cento de solicitudes, que se avaliaron dacordo cos criterios establecidos nas bases, resultando 25 beneficiarios, que están a desenvolver proxectos de pastoreo en distintos puntos do territorio da provincia” e remarcou que “por terceiro ano consecutivo esgotamos o orzamento des-

tinado ao programa demostrando que, traballando da man dos gandeiros e gandeiras e atendendo ás necesidades que formulan, se pode avanzar cara a un modelo de xestión do monte que fomente a actividade produtiva e prime o coidado e a conservación do territorio, actuando como barreira fronte a ameaza dos incendios”.

Segundo se recolle na resolución aprobada, que se publicará mañá sábado no Boletín Oficial da Provincia, entre as entidades beneficiarias figuran 21 ganderías, que levarán a cabo investimentos na adquisición, reparación ou instalación de valados fixos ou móbiles e pastores eléctricos, así como doutros elementos como curros, mangas de manexo e comedeiros e bebedeiros móbiles

para facilitar o manexo e rotación do gando.

Neste capítulo, fináncianse tamén deseños e actuacións innovadoras nos peches e elementos auxiliares para o silvopastoreo, como o deseño e construción dun refuxio modular e desmontable para o gando ou a instalación de mallas de control de malas herbas que impidan o crecemento de vexetación que poida derivar a corrente eléctrica xunto aos peches.

Tamén se benefician das axudas catro asociacións gandeiras, que están xa na actualidade implementando programas de asesoramento e fomento do silvopastoreo cos seus asociados, trasladando esta formación a centos de gandeiros e gandeiras espallados ao longo da provincia.

## Investigadores avalían tecnoloxías de desbroce de baixo impacto

Investigadores do grupo Unidade de Xestión Ambiental e Forestal Sostible da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra da USC avalían novas tecnoloxías de desbroce de baixo impacto orientadas a mellorar a xestión micoselvícola de piñeirais ao abeiro do grupo operativo Cogomelos+: Incremento da produtividade micolóxica dos piñeirais galegos, financiado pola Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Aga-cal) e no que a USC participa xunto coa empresa de servizos forestais Servitec Medioambiente.

O obxectivo esencial do proxecto, cuxos primeiros traballos xa se están a executar en parcelas da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Bóveda, no concello de Begonte, é a mellora da xestión de piñeirais para a produción múltiple de madeira e cogomelos silvestres, avaliando a produtividade en piñeiral baixo en distintas intervencións de clara e de roza. O proxecto, que se está a realizar nun sitio de ensaio cunha produtividade madeireira xa determinada ao longo de dúas décadas, permitirá analizar os custos e beneficios derivados dos distintos tratamentos aplicados, ao tempo que tamén posibilitará unha estimación económica global de toda a quenda.

Os primeiros traballos acometidos consistiron en ensaios de maquinaria de roza, nos que se empregaron robots dirixidos a control remoto de Energren RoboEVO.

## Nova senda peonil entre Carballido e Manzo



A estrada autonómica LU-530 que coincide co Camiño Primitivo entre os núcleos de Carballido e Manzo, no concello de Lugo contará cunha nova senda peonil de 1,3 quilómetros na que está traballando a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Estas obras contan cun investimento de 185.000 euros co fin de reforzar a seguridade nesta zona na que conflúe o tránsito rodado co peonil.

O novo itinerario execútase na marxe esquerda da estrada, entre os pq 6+800 e 8+100. O trazado deseñouse por fóra da plataforma da vía, agás nun punto no que non é posible – do pq 6+800 ao 6+900 –, e no que discorrerá paralela á calzada pola cuneta actual.

A senda será de saburra estabilizada con cemento e para salvar o rego de Carballido contará cunha pasarela de madeira que xa está a ser instalada. Tamén está previsto

reforzar a sinalización.

Deste xeito mellórase a seguridade para os peregrinos e veciños que atravesen a pé esta zona da LU-530, a estrada que comunica Lugo coa Fonsagrada xa que ata o de agora a vía carecía dunha superficie específica para o tránsito dos peóns, o que os obrigaba a circular pola beiravía da marxe dereita e a cruzar a calzada en dúas ocasións. A Xunta ten en marcha novas actuacións de mellora de seguridade na rede viaria de titularidade autonómica no ámbito dos Camiños de Santiago en Galicia, que no conxunto da Comunidade supoñen un investimento de 1,8 M€. No tocante á provincia de Lugo, hai programadas este ano 23 intervencións que se atopan en diferentes fases de execución: oito no Camiño Primitivo, sete no de Inverno, seis no Francés e dous no Norte.

## A educación superior é o primeiro factor de abandono das áreas rurais pola mocidade

A transición á educación superior constitúe o primeiro ímpeto que leva a mocidade a abandonar e, polo tanto, a emigrar das áreas rurais, segundo se recolle nas conclusións da tese de doutoramento que vén de presentar na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría do Campus Terra a investigadora da USC Rocío Toxo Asorei baixo o título *Factores determinantes da emigración rural da poboación moza de Galicia no século XXI*.

Toxo Asorei caracteriza na súa tese a emigración da mocidade rexistrada nas áreas rurais de Galicia, ao tempo que analiza en que medida os seus factores determinantes converxen cos parámetros xa destacados na literatura científica referida ás áreas rurais doutros contextos europeos. O contexto da Galicia do século XXI é moi diferente ao da centuria anterior, período no que un modelo demográfico caracterizado pola inversión das migracións ao estranxeiro, a forte caída da fecundidade e da natalidade, a aceleración do proceso de envellecemento, a concentración da

poboación nas áreas non rurais e o despoboamento xeneralizado de comarcas rurais do interior.

As estatísticas oficiais sobre migracións en Galicia indican que o perfil máis habitual de emigrante rural é o dunha persoa de entre 25 e 34 anos que opta por establecerse nalgún concello non rural da provincia da Coruña ou de Pontevedra, en parte, como consecuencia da súa transición á educación superior, que xeralmente representa o primeiro ímpeto para emigrar das áreas rurais, que deparan escasas oportunidades para este nivel educativo.

A maioría das persoas que emigran das áreas rurais para cursar estudos superiores non retornan ao lugar de orixe unha vez graduadas, xa pola falta de oportunidades xa por mor da atracción que exercen as contornas urbanas como lugares de socialización e de realización persoal e profesional, explica Toxo Asorei. A investigadora da USC sinala asemade que “a emigración rural da poboación moza é unha característica salientable de moitas áreas rurais europeas”.

## Santa María Alta e Meilán incorporan dúas marquesiñas



As parroquias de Santa María Alta e Meilán contan dende hoxe con dúas marquesiñas novas que ven de incorporar a concellería de Medio Rural. O tenente de alcaldesa e edil responsable, Miguel Fernández, explicou que “desde o Concello priorizamos a colocación naquelas zonas onde hai maior demanda, froito da presenza de menores que as usan para esperar polo transporte escolar”.

Fernández explicou que estes traballos enmárcanse no compromiso do Concello co rural co obxectivo tamén de “fomentar a mobilidade sostible e o uso do transporte público colec-

tivo, especialmente en zonas rurais, onde cobra maior interese”.

A concellería investiu 10.300 euros nesta actuación. As novas marquesiñas teñen unha dimensión de 3 metros de longo x 1,50 de fondo e unha altura que oscila entre os 2,30 e os 2,50 metros. Todos os elementos metálicos son pregalvanizados e están protexidos fronte á corrosión. O edil explicou que “dende a concellería traballamos para dar resposta ás necesidades da veciñanza” e anunciou que, na medida do posible, “seguiremos instalando máis marquesiñas nas zonas do rural, así como arranxando as deterioradas”.

# A MAXIA DAS PARROQUIAS

## San Vicente do Veral

### A parroquia, situada a sete quilómetros do centro de Lugo, conta cunha Aula de Natureza xunto ao río Mera

San Vicente do Veral é unha parroquia situada a sete quilómetros do centro de Lugo que está formada por seis núcleos de poboación que son Astariz, Carballido, Penairada, Rebordaos, Santo Matías e o Veral. Cunha poboación total de 141 habitantes Astariz é o núcleo que conta cunha maior densidade de poboación aglutinando a cincuenta dos seus habitantes. A igrexa parroquial é de orixe románico moi tardío que conta con numerosas reformas posteriores. Consta de unha planta rectangular e só unha nave.

A parroquia do Veral presume dunha Aula de Natureza, un espazo que pretende achegar ós visitantes todos os aspectos naturais, culturais e patrimoniais desta zona que está enmarcada dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño. A Aula atópase na beira do río Mera, nunha pequena illa e é o punto de inicio para a Ruta das Chousas. Esta é unha ruta circular que percorre un itinerario no que podemos atopar elementos destacados do medio natural e cultural que ben merecen unha parada. O río Mera, que nos acompaña durante o percorrido é un afluente do Miño e nel

podemos atopar o muíño da Roxa. Este muíño é unha construción en granito, con tellado de lousa que aproveita a forza da auga para moer o grao e que noutros tempos tamén foi utilizado como vivenda. Tamén se poden observar as chousas, que dan nome á ruta e que son porcións de terra de monte cercadas, polo xeral de pouca extensión, nas que se aproveitaba a madeira e a leña pero tamén as follas e a matogueira para o gando. Outro elemento que podemos atopar nesta ruta é unha canteira de granito, que actualmente está abandonada e en plena rexeneración natural. Na primavera pódese observar unha gran representación de animais acuáticos nunha pequena charca que se formou e que conta tamén con vexetación acuática.

Esta ruta circular ten uns tres quilómetros de recorrido total con pouco desnivel o que nos permitirá en menos de dúas horas coñecer un precioso espazo natural moi preto da cidade de Lugo. Unido á Aula de Natureza a parroquia de San Vicente do Veral conta con outro espazo de coidado do entorno, o Centro de Recuperación



da Fauna Salvaxe. Este lugar funciona como hospital para a fauna autóctona, no que o obxectivo principal é a completa recuperación do animal para a súa posterior devolución ao seu entorno natural. Este centro tamén funciona como fonte de información epidemiolóxica e axuda á conservación de especies ameazadas.

A aldea de Astariz, dentro desta parroquia, foi protagonista hai uns anos por un gran achado arqueolóxico da man do Colectivo Patrimonio dos Ancares en colaboración coa Asociación Tir Na n'Og. Este achado corresponde a un castro situado a 450 metros de altitude e que posúe unha forma ovalada cunhas dimensións de 65 por 45 metros aproximadamente.



# AO NOSO CARÓN

friol

## Aproban o orzamento máis alto da historia, con 4,3 millóns

O equipo de Goberno de Friol, co seu alcalde José Ángel Santos á fronte, presentaron uns orzamentos ambiciosos para este ano no ámbito da partida destinada a investimento, “son uns orzamentos moi estudados e rigorosos, todo en beneficio dos veciños de Friol”.

Segundo o alcalde, José Á. Santos, nos últimos anos, o orzamento inicial do Concello de Friol ten unha tendencia á alza, “debido ás políticas que levamos a cabo os que somos responsables do Goberno Municipal”. Os datos económicos así o demostran. “Dende a anualidade de 2018 superamos os tres millóns de euros iniciais, este ano 2022 comezamos o ano con tres millóns novecentos mil euros, e, como sabedes, para 2023 a previsión inicial é duns 4.300.000,00 euros, tanto en ingresos como en gastos, é dicir, un incremento de 400.000,00 euros”, dixo.

A presión fiscal non aumenta en relación ás taxas por abastecemento de auga ou cemiterio municipal, sumidoiros, recinto feiral ou uso das piscinas municipais.

En relación co IBI rústico, mantense a modificación da ordenanza, para subvencionar co máximo que permita a lei, nun 95%, o importe íntegro do imposto, daqueles predios nos que só se sitúe edificación nos que se desenvolva totalmente actividades económicas exclusivamente agrícolas ou gandeiras, “claramente de apoio ao sector primario, un dos piares máis importantes da economía do noso Concello”. Esta bonificación alcanza xa as 17.689



parcelas no Concello.

En canto ás taxas municipais, cabe destacar que para o ano 2023 suprimíase a ordenanza que regulaba o prezo público dos postos, caseiras, postos de venda, espectáculos e atraccións situados en terreos de uso público. Con esta medida do Concello preténdese dar un novo impulso ao comercio de proximidade.

No que respecta ao custo de persoal, as cifras son extremadamente baixas, tanto que foi unha porcentaxe do 29,10%, posiblemente unha das máis baixas da provincia. “Cubrimos o mantemento das vías públicas municipais en bo estado, dedicándose inicialmente ao política de gasto en infraestruturas 400.377,46 euros.

A presión fiscal non aumenta en relación ás taxas por abastecemento de auga ou cemiterio municipal, sumidoiros, recinto feiral ou uso das piscinas municipais.

En benestar comunitario acada unha cifra récord, 702.851,73 euros. Trátase de dar cobertura ao mante-

mento en condicións óptimas da rede de abastecemento de auga da capital; para a recollida, xestión e tratamento de residuos, en todo o municipio e o punto limpo.

Unha parte importante corresponde ao alumado público, debido ao aumento do custo da enerxía. Así contan con financiamento para a Festa da Terceira Idade, Festa da Xuventude, Excursión da Terceira Idade, Feira Gandeira, Cursos de baile, Ximnasio, Feira do Queixo e do Pan de Ousá, Friulio e un importante etc.

O alcalde fai mención especial ao servizo de axuda no fogar (prestacións persoais básicas, non dependentes, dependentes), que é todo o que está cuberto pola póliza de gastos denominada Servizos Sociais e promoción social, dotado cunha contía de 827.293,74 euros, case o 20 por cento do orzamento. Son as persoas máis vulnerables, son as máis necesitadas e queremos que as súas condicións de vida melloren ano tras ano.

Engaden tamén axudas a diversas asociacións culturais (formamos parte das escolas municipais de música, a través da Asociación de Músicos de Crisanto) por máis de 30.000,00 euros; axudas para todas as festas populares ao aire libre, para todas as parroquias; colaboran con diversas asociacións deportivas, fomentando o deporte, aportando máis de 30.000,00 euros a este apartado e rematan coas axudas para a concentración de parcelas de uso agrario, potenciando o sector primario.

## A Atención Temperá medra en usuarios

O Servizo de Atención Temperá da agrupación de concellos de Friol, Palas de Rei, Guntín, Begonte e Rábade, instalado na segunda planta do centro sociocultural de Friol, está subvencionado pola Xunta de Galicia e financiado polo Fondo Social Europeo cunha cantidade de 160.000 euros, sendo así un servizo totalmente gratuíto para as familias e que conta con unhas instalacións modernas e axeitadas para as terapias ofertadas.

A atención temperá é o conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e á contorna, que teñen por obxectivo dar resposta o máis cedo posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no seu desenvolvemento ou que teñen risco de padecelos.

Dende a posta en marcha desta unidade, en setembro de 2020, a cifra de nenos atendidos non parou de medrar. Pasaron xa por estas instalacións 85 nenos e nenas, e a previsión é que continúe aumentando, xa que o traballo que se realiza cada vez ten máis recoñecemento e popularidade sendo fundamental a propia veciñanza dos concellos que co “boca a boca” promocionan o servizo. Durante o ano 2022 o servizo realizou 3.165 prestacións individuais, 31 consultas de acollida, 290 sesións de valoración, 179 accións de coordinación e 16 finalizacións de servizo. A idade media



de acceso sitúase en 3,2 anos.

O equipo multidisciplinar da unidade de Friol está formado por catro profesionais especializados en atención temperá nas áreas de logopedia, enfermaría, terapia ocupacional e psicoloxía.

As principais causas de intervención van desde problemas emocionais e afectivos, dificultades do vínculo e das relacións sociais, problemas de conducta, problemas da fala, deglución, lectoescritura, alteracións sensoriais, déficits motores, de aprendizaxe e de atención, deformidades craneais posturais, etc.

A calidade do servizo está a ser valorada polas familias como amosan os datos recollidos na última enquisa anónima. Nesta enquisa o nivel de satisfacción xeral do servizo é moi elevado, cunha media de 4,85 sobre 5. Destaca o estado das instalacións, a accesibilidade, a dotación de material, a profesionalidade do persoal, as actividades extraordinarias como a xuntanza lúdica coas familias realizada no complexo fluvial de Friol no mes de xullo, etc.

rábade

## Bota a andar a Rede de Custodia Agraria da Reserva da Biosfera

Gandeiros e agricultores da reserva da biosfera Terras do Miño e a Asociación Galega de Custodia do Territorio botaron a andar a Rede de Custodia Agraria da Reserva da Biosfera Terras do Miño, que foi presentada nun acto na Casa das Insuas, acompañada dunha degustación de produtos artesanais e ecolóxicos.

A Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT) leva anos colaborando con agricultores e gandeiros

na conservación dos valores naturais e na mellora ambiental das súas fincas, convencidos de que a necesaria produción agraria pode e debe ser compatible co mantemento dunha paisaxe bioloxicamente diversa e respectuosa cos seus valores patrimoniais e escénicos. No marco destas colaboracións fixéronse actuacións para contribuir á conservación de hábitats e poboacións de diferentes especies, algunhas delas ameazadas.

guntín

## Fin do Programa Integrado de Emprego

O centear de participantes no Programa Integrado de Emprego promovido dende os Concellos de Palas de Rei, Monterroso Portomarín, Guntín, Antas de Ulla e o Páramo recibiron os diplomas acreditativos da súa formación.

O Programa Integrado de Emprego, ademais de contar con participación dos concellos que o promoveron, tamén acolleu as participantes dos concellos de provincia da Coruña como: Melide, Arzúa, Sobrado, Boimorto, Toques e Santiso. As mulleres participantes contaron con orientación laboral por parte das técnicas



do programa, levándose a cabo a labor de prospección e intermediación laboral nos citados concellos, para así fomentar a inserción laboral.

Leváronse a cabo 376 accións formativas, repartidas en 30 cursos do catálogo de especialidades formativas do SEPE de distinta temática.

## Instalan 80 contedores marróns para a reciclaxe de lixo para compostaxe

O Concello de Castro de Rei sumárase ao proxecto de implantación da recollida separada de bioreciclables para o que vén de recibir unha subvención de 13.239 euros repartidos en dúas anualidades, a primeira de 10.503 no ano 2022 e a segunda, que será o este ano, ten 2.646 euros de concesión.

O custe do proxecto é de 7.799,10 euros, explicou o alcalde, Francisco Balado. Nesta primeira quenda chegarán ao Concello un total de 80 contedores marróns, só para residuos orgánicos “co obxectivo de ir implantando esta recollida separada, é difícil pero primeiro hai que ir concienciando á xente, para que faga esta separación e pouco a pouco ir traballando”, explicou.

Explicou Balado que veñen de rematar coa entrega de composteiros pero non notamos unha gran redución no volume de lixo recollido. De cara ao próximo ano seguiremos a estudar este dato “porque ten que ser a empresa a que nos faga ese estudo”.

A gran maioría de cidadáns galegos teñen asumida a separación

dos residuos que xeran nas súas vivendas e a súa división en catro grandes bloques: papel e cartón, vidro, plásticos e resto de lixo, grupos que tamén se coñecen polas cores dos contedores onde se recollen: azul, verde, amarelo e gris. Con todo, aínda non está tan xeneralizado no conxunto da comunidade o cubo marrón encargado de recoller os residuos orgánicos, un procedemento que ademais debe estar garantido en todo o territorio da Unión Europea, como moi tarde, o 31 de decembro do 2023 e que busca optimizar os servizos de recollida de residuos urbanos e ademais impulsar a economía circular desde o ámbito local.

A implantación definitiva do contedor marrón é un dos obxectivos da estratexia autonómica, pero non o único: outro dos puntos destacados é concienciar á cidadanía da correcta eliminación de refugallo domésticos especiais, como poden ser os aceites e o material téxtil; así como a instalación de novos puntos verdes (actualmente coñecidos como puntos limpos).

## Volven licitar a xestión da escola infantil local

O Concello de Castro de Rei volveu iniciar por quinta vez o proceso de licitación para adjudicar a xestión da escola infantil municipal Manuel López Besteiro.

O proceso incíuse tras rematar o contrato anterior polo que volveu saír a licitación, no pasado mes de xuño, cun orzamento de 161.855,67 euros. Xa a finais de xullo volveuse licitar, malia que nesta segunda ocasión subíuse o prezo case un 10%, 178.041,23 euros, pero reafirmouse a mesma situación, non se presentaron ofertas.

Así, o Concello chairego volveu a iniciar a licitación, por terceira vez, subindo outro 10% o orzamento, é dicir, 195.845,35 euros, e informando de que o contrato ten unha duración de dous anos prorrogables a un máis e na seguinte a contía foi de 205.637,61 euros.

Nesta última ocasión a licitación, aínda en curso, está establecida en 215.919,49 euros e o alcalde da localidade, Francisco Balado, explicou

que xa manifestaron interés varias empresas polo que espera poder facer unha adjudicación una vez rematado o proxecto.

A necesidade a satisfacer consiste na atención integral dos nenos e das nenas de 3 meses a 3 anos que compoñen a Escola Infantil Municipal, tanto nos seus aspectos educativos, coma de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario da escola. Son actualmente 40 pequenos e pequenas os que hai que atender na escola infantil.

Francisco Balado asegurou que a dificultade para atopar empresa que xestionara o servizo estivo condicionada pola alza de prezos e a inflación. “A xente está preocupada por cal vai ser o prezo final da enerxía polo que dá un pouco de medo por si logo os prezos non lles cubren”, explica.

O alcalde afirmou tamén que a intención do Concello é ampliar esta escola cun aula máis para o próximo curso debido á demanda que teñen.

## Francisco Balado repetirá como presidente do PP municipal

Francisco Balado seguirá á fronte do PP de Castro de Rei despois de ser elixido de novo como presidente, no congreso local celebrado polo partido. Balado, alcalde de Castro de Rei, é presidente local do Partido Popular dende o 2014.

Nesta ocasión, a directiva popular saída do congreso está formada, baixo a presidencia de Balado, por Roberto Lorenzo Fernández, Víctor Carrera Puente, Laura Campo Fernández, María Josefa López López, José Rielo Losada, José Luis García Barja, Marisol Gigán Díaz, María Edita Sinde Basanta, Óscar Iravedra Portela, Mónica Begoña González Cabana, Maximino Trigo Lage, Josefa Mouriz Teijeiro, Ana Isabel Morandeira López e Pablo Prieto González. Ao congreso asistiron representantes da dirección provincial do partido, entre eles o secretario xeral, Javier Vázquez Nodal, e o coordinador xeral, José Manuel Balseiro.

Balado, xa reelixido presidente local do PP, mostrou a súa satisfacción pola lista coa que dirixirá



o partido nos próximos anos. Definiuna como “unha lista de xente traballadora, de xente de a pé, que cre nos principios que inspiran ao Partido Popular e no seu proxecto político, en todos os ámbitos e sinaladamente no local”. Igualmente, indicou que “é unha lista que demostra que en Castro de Rei hai partido e un proxecto político sólido”.

Balado destacou “a unidade do partido a nivel local”. Mostrouse convencido de que “estamos preparados para concorrer ás próxi-

mas eleccións”. Engadiu: “Entre a militancia, e o electorado, en xeral, vexo un comportamento homoxéneo no apoio ao PP”.

Dende a directiva provincial destacou a boa saúde da que goza o PP en Castro de Rei, da que a mellor mostra é a súa unidade. Os responsables provinciais resaltaron igualmente a xestión do goberno municipal, presidido por Balado, que se traduce nunha continua mellora das infraestruturas e dos servizos dos que disfrutan os veciños deste municipio.

## Tomé anuncia á veciñanza novos proxectos para o Concello

O secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo, José Tomé Roca, anunciou que “en pouco tempo haberá unha excelente nova para os veciños de Castro de Rei”. Concretamente, con respecto ao edificio que albergaba o psiquiátrico que é propiedade da institución provincial, “que contará cunha ocupación e unha actividade efectiva”.

Ademais, valorou o apoio económico da Deputación de Lugo no Concello, “co funcionamento da Granxa Gayoso Castro, co Centro de Recría ou a Granxa Experimental de Leite, onde fan prácticas alumnos de moitos puntos de España”.

José Tomé, acompañado de cargos orgánicos do partido, participou no encontro que a candidata socialista á Alcaldía de Castro de Rei, Alba Sinde, mantivo coa veciñanza para coñecer as súas necesidades.

No acto, celebrado na Casa da Cultura de Castro Ribeiras de Lea, o dirixente socialista destacou que Alba Sinde conta coa formación que a acredita para facer unha gran labor no Concello de Castro de Rei. E sinalou que a candidata socialista “en-



carna un proxecto de futuro, novo, xoven, con ilusión e co que seguro ampliará o resultado electoral no concello”. Asegurou que, “se hoxe se celebraran eleccións, o PSOE melloraría os resultados no conxunto da provincia. Estamos nun bo momento, as perspectivas son boas, pero hai que traballar”, incidiu.

José Tomé, quen puxo en valor o “excelente traballo” realizado polo ex-Alcalde socialista, Juan Valiño, presente tamén neste encontro, gabou a decisión do secretario xeral e actual voceiro de Castro de Rei, Jose

Luis Castro Tellado, de dar un paso a un lado, para apoiar a Alba Sinde. “Ese xesto é de agradecer”, dixo.

Na súa intervención, Tomé Roca aludiu á política laboral que impulsa o Goberno do PP en Galicia no eido sanitario. “Os nosos mozos e mozas marchan de aquí porque as condicións laborais son peores, e os contratos son peores.” E puxo como exemplo que os médicos que se contrataron pola Covid na nosa comunidade “non se lles renovou o contrato. Isto non é unha mala xestión, é insulto á cidadanía”, replicou



## outeiro de rei

## Abre a licitación da segunda fase da mellora do abastecemento

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, anunciou a licitación da 2ª fase da mellora do abastecemento de Outeiro de Rei, que completará a ampliación da rede deste municipio. Esta actuación suporá un investimento de 162.000 euros e o obxectivo é que estea á disposición do municipio a finais do vindeiro ano.

Vázquez Mourelle presentou no Concello esta actuación, coincidindo co inicio da contratación das obras, que xa recolle a Plataforma de Contratos Públicos de Galicia. As empresas interesadas en executar estas obras poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro 23 de xaneiro. A Xunta financiará o 80% da intervención, achegando o Concello o 20% restante do orzamento.

A conselleira precisou que a previsión é adxudicar os traballos no vindeiro verán e dado que teñen un prazo de execución de 2 meses, a finais de 2023 o reforzo do sistema de abastecemento estará completo.

Explicou que esta 2ª fase consistirá



na ampliación da rede mediante a instalación dun ramal que conectará coa rede actual na zona empresarial de Outeiro de Rei, por baixo a A-6. Lembrou que estes traballos darán continuidade á 1ª fase xa executada, que abrangueu un ramal de máis de 3 quilómetros de condución. Estas actuacións supuxeron un investimento de 500.000 euros.

Con estas intervencións, indicou que a Xunta traballa para proporcionar un servizo de abastecemento eficiente aos veciños e ás empresas do polígono. Así, resólvense as deficien-

cias que presentaba o sistema de abastecemento deste municipio.

A conselleira recordou que o Goberno galego tamén está a traballar para licitar nas próximas semanas a redacción do proxecto da nova depuradora en Outeiro de Rei co fin de mellorar o sistema de saneamento e depuración do municipio lucense.

Fixo fincapé en que a Xunta segue a prestar apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan desenvolver de forma eficiente as súas responsabilidades de saneamento e abastecemento.

### Convocada unha nova edición do concurso de recitado poético

A Casa-Museo Manuel María convoca unha nova edición do Concurso de recitado de poesía sobre poemas de Rosalía e Manuel María. O certame terá a fase final o 11 de marzo de 2023 na propia Casa-Museo.

O certame está dirixido a todo o alumnado galego de ensino non universitario, desde Primaria a Bacharelato, e está centrado no recitado de versos da obra en galego de Rosalía ou da ampla produción poética de Manuel María.

O obxectivo do concurso é potenciar a expresión oral e a creatividade do alumnado a través do coñecemento e o recitado da poesía de dúas das voces máis importantes e populares da nosa literatura. Así, os traballos gañadores da pasada edición pódense ver no portal web da Casa-Museo. O concurso establece catro categorías, a primeira para os tres primeiros cursos de Primaria, a segunda para os alumnos de 4º a 6º. A terceira categoría engloba aos alumnos de Secundaria e a cuarta a de Bacharelato e ciclos formativos.

O concurso constará de dúas fases, na primeira no propio centro escolar e a segunda entre centros. A preinscrición ten que facerse antes do 24 de xaneiro.

## o corgo



## Presentan o novo refraneiro municipal

A través do Proxecto Corgoral, e grazas ao traballo participativo desenvolvido en colaboración co alumnado do CEIP Plurilingüe do Corgo e do CPI Ramón Piñeiro, o Concello do Corgo presentou a publicación monográfica que recolle a edición especial do refraneiro tradicional.

O Proxecto Corgoral pretende recompilar, estudar e salvagardar a literatura popular de tradición oral e o patrimonio cultural inmaterial de interese municipal, un proxecto aberto á comunidade e que quere ser participativo.

Este libro trátase da primeira recolla sistemática efectuada no concello e contén máis de catrocentos refráns e todas as persoas asistentes levaron de balde un exemplar.

Ademais, este acto completouse coa entrega de premios da XVI edición do Certame Literario Terras de Chamoso. Para a categoría infantil na modalidade de poesía o primeiro premio foi para Paula Reija Folgueira, de Castroverde coa obra *Sempre galego* e o segundo premio para Caro-

lina Freire Cando, de Montecubeiro, pola obra *Miña Terra*.

Na modalidade de relato o primeiro premio foi para Carla Carracedo Fernández, de Lugo, por *A matanza*, o segundo para Juan Carlos Álvarez Díaz, de San Pedro de Río na Fonsagrada con *Relatos do pasado*. O premio A Legua Dereita foi finalmente para Carla Carracedo Fernández.

Dentro da xuvenil os premios de poesía quedaron desertos. En relato o primeiro foi para Ariadna Cambeiro Pérez, de Santiago, pola obra *Se o silencio falase* e o segundo para Julia Amoedo Méndez, de Redondela, por *A simple historia do mensaxeiro*. En adultos os premios de poesía foron en primeiro lugar para Natalia Lema Otero, de Vimianzo, pola obra *Heterocromía* e en segundo lugar para Eva González Blanco, de Lalín, pola obra *Crisálida*. Os premios de relato foron para Xosé Farruco Graña Rama, de Ribadeo, pola obra *Eu vou navegar* e en segundo lugar para Agustín Lorenzo Fidalgo, de Ourense, pola obra *Unha aldea viva*.

## A Valedora admite a trámite unha queixa do BNG contra o Concello

A Valedora do Pobo admitiu a trámite a queixa do BNG de Outeiro de Rei pola decisión do alcalde de non tratar as súas propostas durante o pleno.

Tal e como explican os nacionalistas, no pasado pleno celebrado o venres 28 de outubro, o alcalde "dun xeito totalmente arbitrario e sen dar ningunha razón, decidiu que non se debaterá, e polo tanto que tampouco se votara, o cuarto punto da orde do día, unha moción do BNG".

"O señor Pardo non xustificou en ningún momento tal actuación, senón ao contrario, tan só manifestou que ese punto non se trataba e que se pasaba ao punto seguinte. Trátase dun intento máis de acalar á oposición feita polo BNG, pois xa levaba varios plenos queixándose que presentábase demasiadas propostas e iniciativas", afirman.

Di o BNG que "se se permitise que o alcalde, arbitrariamente, tan só nos deixara presentar unha moción por pleno serían só seis propostas as que poderíamos facer en

todo o ano, número totalmente insuficiente para poder facer o noso traballo de oposición e de fiscalización do traballo municipal".

"Esa situación obrigounos naquel momento a solicitar o amparo da Valedora do Pobo, cuestión que provocou que a queixa fose admitida como procedente e dende esa oficina se lle solicitase ao concello un informe ao respecto. Dende o BNG non imos aceptar que dun xeito tan arbitrario o Alcalde nos impida o traballo que nos encomendou a cidadanía, facer propostas e fiscalizar ao goberno municipal. Xa sabemos que isto lle molesta, pero non imos permitir que vulnere dese xeito os nosos dereitos de representación política e dese xeito faremos todo o que sexa necesario para evitalo.", dixo Xosé Ferreiro.

A Oficina da Valedora do Pobo admitiu a trámite a queixa do BNG baseada na vulneración dos seus dereitos para representar os intereses da veciñanza e pediulle un informe ao respecto ao concello de Outeiro de Rei

## portomarín

## Os socialistas piden regularizar as contas

A voceira Socialista, Silvia Rodríguez, tras ser citada a unha Comisión Especial de Contas co fin de realizar a rendición da Conta Xeral do ano 2021, declara que "a veciñanza de Portomarín non merece un alcalde en prácticas e que ande a remolque esperando polas iniciativas do PSdeG".

Advirte de que "foi o Grupo Socialista de Portomarín o que rexistrou esta mesma semana unha moción para tramitar este documento económico, e tratar así este asunto na vindeira sesión plenaria", explicou. Sinala ademais que Galicia "conta con normativa autonómica que impide o acceso a axudas e sub-

vencións públicas se a entidade local non cumpre coa rendición de contas". A voceira remarcou que o Concello de Portomarín "xa superou amplamente os prazos que determina a lexislación actual sen render e aprobar as contas do ano 2021".

"Esta desastrosa xestión económica do goberno do PP de Portomarín ten como consecuencia que a día de hoxe o Concello non enviou este documento ao Tribunal de Contas para a súa fiscalización e comprobación do sometemento da actividade económico-financieira desta institución aos principios de legalidade, eficiencia e economía", dixo.

# DEPUTACIÓN

## Instan á Xunta a cumprir “coas súas obrigas en materia de atención sanitaria”

O Pleno aprobou unha moción presentada polo Grupo Socialista para instar á Xunta a que cumpra a sentenza 05354/2022 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), co fin de adoptar as medidas oportunas para cumprir coas súas obrigas en materia de prevención de riscos laborais, de valoración da carga de traballo e a avaliación dos riscos dos postos de traballo, non só dos médicos de Atención Primaria e de pediatría, senón do conxunto dos profesionais do sistema público sanitario de Lugo e Galicia. O PP abstívose na votación.

A voceira socialista do Goberno e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, denunciou na súa intervención “as condicións laborais do persoal sanitario, pola carga de traballo que están soportando os facultativos, unha situación que

vén de confirmar unha sentenza xudicial que sinala que se vulneran eses dereitos, así como as consecuencias do desmantelamento deste servizo público”.

García Porto incidiu en sinalar que “o modelo sanitario do PP non concorda co que defende o Goberno da Deputación, xa que demandamos máis e mellor sanidade pública. Nós entendémola como un servizo esencial e como un dereito en igualdade de condicións para tódalas persoas. Dende que o PP chegou ao Goberno da Xunta lanzaron un ataque progresivo e destrutivo contra a sanidade pública, e polo tanto contra a saúde dos galegos e das galegas”.

Explicou que dende a Xunta enfocaron o problema sanitario “en economizar este servizo, e adicaronse a practicar un austericidio constante na sanidade”.

## O Pleno provincial aproba as bases do Plan Único do 2023

O Goberno da Deputación de Lugo sacou adiante no Pleno ordinario de decembro o Plan Único de Cooperación cos Concellos para o vindeiro ano 2023, ao que destina 21,5M€ para desenvolver actuacións en materia de infraestruturas, creación de emprego, Servizo de Axuda no Fogar, actividades, eventos, administración electrónica ou protección civil. Os grupos do PSdeG e o BNG votaron a favor da iniciativa, mentres que o PP se abstivo.

O presidente, José Tomé Roca, subliñou a importancia de aprobar, por terceiro ano consecutivo, as bases do Plan Único no ano anterior ao seu período de vixencia porque, desta forma, as entidades locais “poden empezar a planificar e tramitar as accións unha vez se publiquen, nos vindeiros días, no Boletín Oficial da Provincia”. Isto permite aos concellos planificar con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo,

de forma que poidan poden aproveitar mellor os fondos.

O mandatario provincial destacou que a aprobación deste Plan nestas datas é posible grazas a que o Goberno sacou adiante en tempo e forma o Orzamento da Deputación para o vindeiro ano, de maneira que entrará en vigor a principios de xaneiro.

Pola súa banda, a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, incidiu durante a sesión plenaria en que co Plan Único a institución garante “un reparto xusto dos fondos públicos con criterios obxectivos, iguais para todos”, e “respecta plenamente a autonomía municipal”.

A Deputada lembrou as continuas melloras introducidas no Plan Único este mandato para que sexa máis útil para os concellos, como a aprobación das bases no ano anterior o seu período de vixencia, a posibilidade de imputar gastos de obras e contratos de persoal dende principios de

ano ou a simplificación dos trámites administrativos, especialmente beneficiosa para as entidades locais máis pequenas, que teñen menos recursos técnicos e de persoal.

Como exemplo do “impacto social e económico” desta ferramenta, a voceira socialista aludiu a que a Deputación inxectou dende o ano 2019 un total de 85,3M€ nos concellos, grazas ós que puideron acometer en torno a 1.500 obras e subministracións, e cos que crearon máis de 1.200 postos de traballo.

O Plan Único 2023 da Deputación mantén a súa esencia a través da distribución con criterios públicos e obxectivos dos fondos provinciais entre os 67 concellos da provincia. A poboación, a superficie, a dispersión territorial e a taxa de envellecemento, segundo os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística, son os criterios de reparto que aplica a institución.

## Lanzan a terceira tempada do programa Coñece a túa provincia

A Xunta de Goberno aprobou as bases para poder lanzar o vindeiro ano 2023 a terceira edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia. A voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, sinalou que a institución provincial prepara xa unha nova tempada desta iniciativa “ante o enorme éxito que tiveron as dúas edicións anteriores, nas que participaron máis de 4.500 persoas”. Lembrou García Porto que este programa da Deputación está dirixido a asociacións e colectivos sen ánimo de lucro de toda a provincia e consiste en viaxes gratuítas, en pequenos grupos, dunha xornada de duración por diferentes puntos da xeografía lusenense seguindo diversas rutas polo patrimonio natural, histórico, cultural e gastronómico.

“Esta é unha das medidas que puxemos en marcha neste mandato co obxectivo de incentivar o turismo de proximidade, a hostalería e o comercio local, que son un dos motores importantes da nosa economía”, subliñou a voceira provincial.

A Deputación ofertará un máximo de 3.036 prazas en dous períodos: un na primavera, entre marzo e xuño, para os que haberá ata 1.794 prazas; e outro no outono, entre os meses de setembro e decembro, durante os que ofrecemos 1.242 prazas.

## Aprobado o primeiro Plan de Igualdade



A Corporación aprobou por unanimidade o primeiro Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes na historia da Deputación. O Goberno provincial, por iniciativa do presidente, José Tomé Roca, marca así un fito no camiño cara a igualdade de xénero real e efectiva, sacando adiante co consenso de todas as forzas políticas e sindicais un instrumento de modernización da administración para seguir avanzando cara un sistema de xestión máis igualitario no ámbito laboral.

María Loureiro explicou que se contemplan 7 eixos de actuación que abarcan todos os ámbitos, desde a selección de persoal á promoción, pasando pola política salarial, a or-

denación do tempo de traballo e a conciliación.

Entre as materias que aborda o acordo, asinado polas catro organizacións sindicais representadas na Deputación, está o proceso de selección e contratación, a clasificación profesional, a formación, a comunicación e linguaxe non sexista, as condicións de traballo, o exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral, a baixa representación feminina e a prevención do acoso sexual ou por razón de sexo.

A Corporación, a proposta do presidente, gardou un minuto de silencio ao inicio do Pleno en recordo das persoas falecidas no accidente de autobús en Cerdedo-Cotobade.



## Impulso de medio cento de accións para consolidar o turismo

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu no Salón de Plenos da Deputación a última reunión do ano deste órgano participativo e consultivo impulsado pola institución provincial, ante o que explicou a programación realizada ao longo deste ano 2022, con medio cento de accións distintas.

A deputada subliñou que estas actuacións cumpriron un dobre obxectivo. “Por unha banda, converteremos o turismo nun dos eixos da acción política da Deputación, apostando por un sector que achega riqueza e emprego, que difunde a imaxe da provincia lonxe das nosas fronteiras e que, dun xeito fundamental, xera

opcións de desenvolvemento no rural e axuda a fixar poboación no territorio”, afirmou. E por outra banda, “avanzamos cara a consolidación do modelo turístico da Deputación, de calidade, sostible, non masificado e desestacionalizado”. Un modelo, sinalou García Porto que “aproveita o inmenso patrimonio natural e cultural da nosa provincia”.

A institución, sinalou, busca “sinerxías transversais, de xeito que unhas accións reforcen ás outras”, e fomenta “vagas de interese que chegan cada vez máis lonxe”, ao tempo que fixo “un importante esforzo por potenciar o turismo de proximidade, de pequenos desprazamentos que se poden realizar en calquera momento do ano e que resulta fundamental para a desestacionalización”.

## DEPORTES

# Os equipos de fútbol prepáranse para o segundo asalto á liga

A liga 2022-23 retomarase a próxima fin de semana tras un descanso de tres semanas, algo máis nas categorías máis elevadas e tamén noutras, que esperarán ata a fin de semana do 14-15 para volver saír ao verde. Esta primeira fase trouxo un pouco de todo aos distintos equipos da provincia. O mellor situado nas categorías sénior, o Lugo, que milita na Segunda División, marchou ao descanso na parte baixa da táboa, no posto 19 e moi preto da zona de descenso. Retomará a competición este venres 6 de xaneiro, en Leganés. Tampouco foi moi boa a tempada para o Polvorín no seu debut na Segunda B. O equipo lugués sumou 11 puntos en 15 xornadas, nos que gañou en dúas ocasións, empatou en 5 e perdeu en 8. Con 7 vitorias, seis empates e 1 derrota o Vilalbés marchou de vacacións en Terceira, no posto de prata e con aspiracións unha vez máis a xogar o ascenso, polo que leva pelexando xa varias tempadas. No mesmo grupo está o Viveiro, na zona media da táboa, só 9 puntos por debaixo, con 5 vitorias, 3 empates e 6 derrotas.

En Preferente a Sarriana é o mellor situado de todos, na segunda posición e a 6 puntos do líder. Sumou 11 vitorias polo momento, 1 empate e 4 derrotas. Once puntos por baixo, na décima praza, o Residencia pechou este primeiro ciclo de Liga con 6 vitorias e 5 empates, os mesmos que derrotas. O Ribadeo está na posición 13, tamén con 6 vitorias pero neste caso con 8 derrotas e 2 empates. Tres equipos máis están na parte baixa, loitando por conservar a categoría, o CD As Pontes, que cambiou de adestrador, ocupa a posición 16 con só 3 vitorias en 16 encontros. O Lemos está na mesma situación aínda que cunha vitoria máis pero con máis derrotas. O debutante Portomarín pagou caro o ascenso, xa que colleitou só 6 puntos dunha vitoria e tres empates. Xa nas competicións de afeccionados, o Pol lidera a táboa de Primeira con 12 vitorias de 16 partidos e unha única derrota. Ao equipo polense escapóuselle o ano pasado o ascenso pero este ano ten claras as ideas. Na Segunda, o Meira está comodamente asentado no liderado do

grupo Norte, con 33 puntos, 4 máis que o segundo, posto que ocupa o Folgueiro, que xunto con Cospeito, Muimenta e Iberia están en postos para disputar os play off de ascenso. A parte negativa está para o Goiriz, que pecha a lista. No Sur, a situación está máis apertada. O Friol lidera con 2 puntos de vantaxe, 10 vitorias, 2 empates e 2 derrotas. Os postos de play off son para Guntín, Ferreira, Oural e Beceerreá e o de descenso para o Carballedo. En Terceira, o Vilalbés B, que vén de crearse, ocupa o liderado con ampla vantaxe de 6 puntos e ten a promoción na súa man. No posto de prata está o Catro Roldas, tamén en posto de promoción. Para os play off están Abadín, Mondoñedo, Nuevo Nausti e Friol B. No Sur, as dúas primeiras prazas son para Quiroga e Palas, mentres que os play off están ocupados polo de agora por O Incio, Rubián, Castroverde e Santa Comba. Nas ligas femininas o Friol ocupa a posición 15, a penúltima no seu grupo de Segunda División tras unha dura tempada na que só se levaron

dúas vitorias.

En Primeira Galicia o Lugo está a facer una espectacular tempada. Ocupa a terceira praza, dentro do grupo de ascenso. O Antas, pola contra, sancionado por un partido, segue co marcador a 0 malia ter gañado un único partido. Está a pasarlle factura o escaso do banco.

Na Segunda Galega, o Friol B só coñece a vitoria polo momento como líder absoluto do grupo onde están incluídos todos os equipos da provincia. Nos outros catro postos para a promoción de ascenso están os lugueses San Lázaro, Chantada e San Roque; co Carballedo na sexta praza, que podería participar tamén no ascenso na segunda fase. Monte Forte, que empezou moi ben pero caeu posicións, e Milagrosa sobreviven na parte morna da táboa e a Comercial, escasa de efectivos, pecha o grupo.

### FÚTBOL BASE NACIONAL E GALEGO.

Nas categorías nacionais, o Lugo A, na División de Honra xuvenil, está quinto tras outro gran inicio de tempada. O B está na parte morna, mellorando día a día pero nunha zona perigosa, aínda que os últimos resultados apuntan un bo traballo. Os equipos do Lugo das máximas categorías cadete e infantil teñen resultados dispares. Os maiores están sétimos mentres que os máis pequenos están nunha discreta posición 13

de 16 equipos. O cadete do Viveiro, que debutou este ano, segue a obter resultados castigadores e no sae do fondo da táboa.

Nas categorías galegas, o Viveiro xuvenil está sétimo, seguido do Vilalbés, que queda na posición 11. O Residencia ocupa a 13, o Milagrosa a 15 e o Ribadeo pecha a lista no posto 20 cunha única vitoria.

Na cadete o Lugo B é o mellor da provincia e xa está cuarto mentres que Milagrosa e Viveiro están na parte baixa. O Calasancio, no grupo do sur, ocupa a novena praza. Ten as mesmas vitorias que derrotas (8) e 1 empate.

Tres equipos representan á provincia na infantil. Viveiro e Vilalbés ocupan o medio, prazas 8 e 9 respectivamente. O Residencia está 13 dos 16 que hai.

Nos grupos femininos o Milagrosa e o Friol cadetes pechan a lista de equipos na clasificación e as albivermellas infantís ocupan xa a cuarta praza.

Nas ligas provinciais, o Piringalla, Sarriana, Foz e Becerreá están nas catro prazas que disputarán os play off de ascenso ás galegas na categoría xuvenil. Vilalbés e Pontenova no norte e Residencia e Corgo no sur posiciónanse na cadete mentres na infantil as prazas están ocupadas por Lugo B, Burela, Polvorín e Piringalla.

## A II Gala Novos Talentos Deportivos recoñece a 44 mozos e mozas

A II Gala Municipal Novos Talentos Deportivos recoñece o esforzo realizado polos 44 mozos e mozas que recibiron as becas municipais Deportistas con Talento durante o pasado exercicio.

A rexedora enzalou a valía e a capacidade de superación de todos estes rapaces e rapazas “que non só compaxinan a súa educación coas esixencias dos adestramentos e as competicións, senón que obteñen excelentes resultados nambalas dúas facetas, transmitindo unha mensaxe de tenacidade e esforzo que é exemplo para toda a sociedade e, especialmente, para as próximas xeracións”, afirmou.

Méndez sinalou que a vontade do Goberno local é “que esta homenaxe pública sexa unha motivación para que continuades estudando e adestrando coa mesma ilusión e enerxía que ata o de agora, sendo parte do motor que está a transformar Lugo e que contribúe a proxectar a súa imaxe e ser referente en todos os eidos”.

A II Gala Novos Talentos Deportivos



que se celebrou na pista cuberta de tenis de Frigsa reuniu a 44 mozos e mozas, de 14 a 19 anos de idade, que en 2021 acadaron as becas para deportistas de disciplinas individuais con talento. Bolsas que o Concello entrega desde o 2008 a aqueles que participaron en eventos deportivos con resultados relevantes, a nivel autonómico ou nacional, co fin de apoiar a promoción, práctica e mellora do seu rendemento, e que valoran tamén o seu esforzo académico. Desde a súa creación, foron receptores preto de 700 deportistas.

Durante este acto, guiado, de novo, como na anterior edición por Jacobo Gómez, os e as galardoadas recibiron un diploma honorífico de mans doutros compañeiros e compañeiras de recoñecido prestixio. As e os beneficiarios deste ano practican nove disciplinas deportivas individuais: atletismo (21), natación (9), tiro (2), pistola (2), orientación (2), péntatlon (4), karate (1), piragüismo (1) e squash (2). O evento estivo amenizado con actuacións da Escola de Baile Ritmo Lugo e incluíu un ágape.

## Moi boa asistencia no XV Aberto do Galo de Ribadeo

Por Asociación O varal.

**Daniel Rodríguez Saavedra.**

Disputouse no campo de fútbol da Faxarda o XV Aberto do Galo, correspondente á sexta xornada da LNB da conferencia NorLeste da tempada 2022/2023.

Moi boa asistencia nun día no que o vento racheado foi protagonista indesexado e molesto que xogou coas billardas ao seu antollo e puxo en apuros aos palanadores que se deron cita (54 homes, 13 donas e 5 cativos). Xa que logo, as puntuacións foron en xeral cativeiras e por baixo dos vinte puntos agás os catro que acadaron as finais.

Charli, o zurdo de ouro dos Carabullo, sigue na súa liga particular poñendo terra por medio cos seus perseguidores, aínda que se atopou coa volta á competición do musical billardeiro, o tricampión nacional Markytos, que lle plantou cara igualándoo a puntos e foi quen de gañarlle nun disputado desempate polo primeiro posto.

Con un punto menos, Manu Caldeiro e David Navallo loitaron polo terceiro chanzo do podio, que acadou o



dos Troitas. En donas, Geni e Irea compararon o primeiro posto compartido e Aroa e Cris pola súa parte compartiron o segundo.

En infantís, Mateu e Diego cos mesmos puntos foron superados por Alba, que tivo un moi bo día e tomou o relevo da súa compañeira Antía.

Manu Caldeiro, no primeiro golpe da súa quenda, zoupoulle a billarda con tal forza que a mandou polo medio do varal, acadando un soberbio varado.

Por equipos, Troitas Bravas acadaron por terceira volta consecutiva o primeiro posto e tamén se destacan como dominadores da xeral. Carabullo foi segundo e Chainzos-Cada-val, terceiros.



# “Tentamos transmitir todos os valores que hai detrás do judo”

**Iván Carballeira, actual coordinador e adestrador do club Judo Lugo**

Judo Lugo leva dende o ano 1981 ensinando este deporte na cidade amurallada, falamos con Iván Carballeira, actual coordinador e adestrador do club.

## Como son os comezos de Judo Lugo?

Judo Lugo nace con Amador Trillo, actual presidente e fundador do club cando vén de Ferrol. El facía judo e por tema de mercado decide instalarse en Lugo no ano 1981, concretamente na rúa Ourense. Eu comezo como alumno, con cinco anos, tamén no ano 1981 e son un dos primeiros alumnos.

No ano 1991 o club trasládase á rúa paralela, rúa Mondoñedo, cando se montou tamén un ximnasio onde por aquel entón a muller de Amador daba algunhas clases como aeróbic. Actualmente continúa como ximnasio e club de judo. Durante unha tempada na que o judo perdeu algo de forza déuselle un pouco máis de espazo á parte do ximnasio, pero posteriormente coa chegada dos ximnacios de baixo custo, a parte de judo volveu coller moita forza.

Desde hai uns anos Amador está nun papel máis secundario e fun collendo eu un pouco as rendas, somos un grupo, pero eu son a cara máis visible.

## Cantas persoas forman parte actualmente do club?

Todos os anos estamos a ter entre unhas duascenas trinta ou duascenas cincuenta licenzas, todo o mundo pensa que o judo é un deporte minoritario, pero non é así, é un deporte pouco coñecido pero non minoritario. A nivel nacional somos o sexto deporte en número de licenzas aínda que coa pandemia os deportes de contacto sufrimos un pouco e perdemos nenos.

**En cantas competicións están**

## presentes?

En Judo Lugo competimos en todas as categorías, comézase a competir de forma oficial en infantil e logo continúan en cadete, júnior e sénior. Temos un grupo moi bo en infantil, en cadete máis frouxo porque é unha xeración moi afectada pola pandemia. En júnior hai tamén un bo grupo pero que están nun momento de estudos complicado con segundo de bacharelato. Fóra da competición oficial os alevíns e benxamíns tamén participan nalgúns xornadas de competición entre clubs.

Este ano tamén clasificamos para o Campionato de España sénior, que é moi complicado por un sistema no que hai moi poucas prazas, a Marina que aínda está no seu primeiro ano júnior. A miña sobriña Laura, que é sénior, quedou de segunda terceira.

## Que diferenza ó Judo doutros deportes?

O judo é un deporte que desde pequeno afaite ao contacto físico, a agarrar, a estar uns encima doutros e iso é algo que aos nenos cústalles moito. Tamén é moi boa axuda para a percepción espacial e aprendes a caer cando te tiran, a caer e a levantarte unha e outra vez.

A pesar de que somos un deporte individual é moi necesario o grupo, adestramos uns cos outros polo que é moi importante o equipo. Nós adestramos todos xuntos e con cada compañeiro fas un traballo específico, adestramos todos os días da semana e iso permítenos dividir e facer tres días un adestramento máis técnico onde se xuntan os que están a empezar en clase de adulto e logo outros dous días facemos un adestramento máis específico e enfocado á competición.

Outra cousa moi positiva do judo é que ao non ter que cumprir uns estándares físicos específicos ten cabida todo o mundo, hai moitas categorías e todo o mundo ten o seu espazo. Iso fai que o judo sexa un deporte moi inclusivo e é algo que tamén tentamos transmitir non só o judo como deporte, senón todos os valores que hai detrás desta práctica.

A nivel deportivo o judo é un deporte tacticamente moi complexo. Á hora de competir sábese con moi pouca antelación quen vai ser o teu rival entón podes estar por exemplo nunha categoría de máis de 78kg onde o teu rival pode pesar 80, 100 ou 120 quilos e medir 1,80, 1,50 ou 1,10. Pode ser destro ou zurdo, un destro que agarra arriba ou que agarra abaixo e cada persoa é un mundo. Por tanto tacticamente preparar eses combates é moi difícil e esa parte táctica tamén é moitas veces a máis complicada de adestrar.

## Cales cree que son as maiores dificultades para desenvolver este deporte en Lugo?

Pois nós en particular temos un problema grande para poder conseguir un pavillón cando o necesitamos para levar a cabo algunha actividade, que son dúas veces ao ano. Para os adestramentos e o día a día o club dispón das súas propias instalacións pero para algún evento específico en momentos moi puntuais do ano necesitamos instalacións e cústanos moito conseguilas, non só por parte do Concello, que son os responsables, senón tamén por parte doutros clubs que moitas veces non son capaces de cambiar de pavillón un día.

Economicamente non temos moitos problemas tampouco, poderíannos dar máis, pero non hai unha queixa con respecto a iso. A



maior queixa que teño é o difícil que é conseguir pavillóns, pero é que tampouco os hai, eu tamén o entendo.

Logo a nivel social temos que mellorar e conseguir mais apoio. Aí temos que mirar un pouco os erros que estamos a cometer, non vendemos nada o deporte e moi xa xente segue pensando que no judo hai patadas e puñadas, que si existe unha parte do judo mais enfocada a defensa persoal pero que nós non traballamos. A nós gústanos mais enfocarnos na parte do deporte de competición.

## Calquera persoa pode empezar en calquera categoría?

Si si, é mais, desde a pandemia comezou moita xente nova, algo que me parece mentalmente moi difícil. Temos un grupiño de xente que empezaron de maiores que a min déixanme alucinado. Pódese empezar desde calquera idade, e adaptámonos un pouco a eles, ademais temos a sorte de que somos dous adestradores co cal podémonos dividir e dedicarlle a todo o mundo un pouco de tempo

individual.

## Un momento que garde con especial agarimo despois deste anos?

O campionato de España que gañou Sara Álvarez despois de catro anos de parón. Cando Sara queda campioa de España, polo que significa, non polo campionato en si, que ela é quince veces campioa de España. Volveu despois de catro anos e quizais só ela e eu sabemos o que falamos, o que lle custou volver, o que se esforzou por volver e o que nos custou que fose campioa. Estivo moito tempo parada despois dunha lesión moi grave, o momento da súa lesión en París para a min é o peor momento da miña vida no judo, o peor con moita diferenza. Logo momentos co Judo Lugo todos, eu gozo moito todos os días, o judo a min marcóume a maneira de vivir, eu practico moitos deportes pero non é o mesmo. O ambiente, os amigos, a familia o grupo para min é todo. Os amigos que teño destes anos do judo son tamén os meus mellores recordos.

## A Deputación deixará en cemento a pista do Anexo unha tempada

A área de Deportes da Deputación de Lugo mantivo unha reunión con representantes dos diferentes clubs que compiten e adestran no Anexo do Pazo Provincial dos Deportes para dar conta das decisións tomadas con respecto á instalación deportiva. Os clubs convocados para esta reunión foron Estudiantes, Ensino, Cidade de Lugo, AX Sagrado Corazón, Franciscanos, Maristas e Cidade de Lugo.

O deputado de deportes Efrén Castro declarou que "hai uns meses entrou unha gran cantidade de auga causando danos na pista, estivemos ata o último momento tratando de aplicar solucións menos drásticas instalando deshumidificadores que evitaban o deterioro da pista pero lamentablemente sigue convando en diferentes zonas". A Deputación mantivo unha reu-



nión coa Federación Galega de Baloncesto e entre ambas partes comprobaron que a pista non cumpría cos mínimos necesarios para adestrar e competir. Ante esta situación dende a área de Deportes van realizar as obras necesarias para levantar o parque actual e acondicionar a pista de cemento que hai debaixo durante este período de vacacións

de Nadal. Esta solución temporal busca que os clubs podan continuar adestrando durante uns meses e competindo nas ocasións que se poda e "nese tempo licitar e executar a obra para ese novo pavimento do anexo, que se suman á mellora que imos facer instalando os tan demandados vestiarios" declarou o deputado.

## O Gran Camiño será no mes de febreiro

Lugo será o punto de inicio da volta ciclista profesional O Gran Camiño, que por segundo ano traerá a Galicia o mellor ciclismo internacional, co patrocinio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e que se celebrará o vindeiro 23 de febreiro.

Coa Muralla e o Camiño Primitivo como pano de fondo, a cidade de Lugo será escenario dunha etapa, a primeira desta volta, que culminará en Sarria, punto de referencia do Camiño Francés. Así se deu a coñecer no acto de presentación da etapa na que interviron o deputado de Deportes, Efrén Castro, o tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, o responsable da organización, Ezequiel Mosquera, e o exciclista Álvaro Pino, embaixador da proba.

O Gran Camiño serán catro etapas, entre o 23 e o 26 de febreiro, unha por cada unha das provincias galegas, sumando ao propio espectáculo do ciclismo profesional internacional a promoción do territorio.

A pasada edición pechou cunha contrarreloxo en Sarria, permitiu o ano pasado que as paisaxes galegas chegasen a millóns de espectadores de todo o mundo a través das súas canles de difusión e, principalmente, da emisión de Eurosport, constituíndo unha auténtica xanela ao mundo para Galicia. Tamén nas estradas, devolveu aos galegos a posibilidade de gozar dunha volta ciclista profesional 20 anos despois da última Volta a Galicia destas características.

A organización confirmou a presenza do considerado mellor equipo do mundo, Team Jumbo-Visma Cycling.

## Reunión con oito clubs para coordinar o uso do pavillón dos institutos



O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha xuntanza con representantes de oito clubs deportivos da cidade para coordinar o uso do pavillón polideportivo dos institutos Lucus Augusti e Ollos Grandes e explicarlles as últimas decisións adoptadas ao respecto.

A Xunta asumirá a contratación dos servizos de limpeza e conserxería fóra do horario lectivo para resolver os inconvenientes que provocaba aos clubs e aos centros educativos a situación actual. Ao respecto, lembrou que as entidades deportivas viñan utilizando o pavillón polas tardes ante a falta de instalacións deportivas municipais. Na reunión participaron tamén a xefa territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación

Profesional e Universidades, María José Gómez; o director do IES Ollos Grandes, Francisco Javier Núñez; o secretario do IES Lucus Augusti, Bernardo Sánchez, e representantes das entidades implicadas: Emevé, Sagrado Corazón, Estudiantes, Franciscanos, Balomán Lucus, Monstruños, Gravity e Star Dance.

Os asistentes abordaron a distribución de horarios de utilización das pistas -mantendo o actual ata fin de curso- e a súa posible utilización tanto polas tardes como en períodos non lectivos.

Arias subliñou que a medida da Xunta achega tranquilidade a estes clubs, nos que adestran centos de rapaces e rapazas de Lugo e que carecen doutras infraestruturas axeitadas na cidade.

## Iván Sangiao gaña a Castro Caldelas Vegan

Iván Sangiao, do Club Biosbarido, proclamouse campión absoluto da Castro Caldelas Vegan Trail celebrada na localidade ourensá de Castro Caldelas. A proba raíña percorre a Ribeira Sacra ourensá nun total de 42 quilómetros por terreo moi técnico e salvando un desnivel acumulado superior a 6 mil metros. Unha das particularidades, que dan nome á proba é a ausencia de produtos de orixe animal.

A competición deu comezo ás 8 da mañá dende o centro de Castro Caldelas, aínda de noite, os participantes precisaron utilizar luz frontal nos comezos da carreira. Dende os primeiros momentos Sangiao marcou o ritmo da proba, pero antes do quilómetro dous perdeuse no percorrido ó saltarse un cruce. Tras remontar a case todo o pelotón de deportista biosbarido xa se incorporou ó grupo de cabeza no quilómetro 17 xunto a David Álvarez (2o) e Roberto Tuñas (3o), Emilio Montilla e Sebastián Reboreda; mantendo un ritmo cómodo no grupo. No quilómetro 25 Iván decidiu marchar en solitario



avantaxando en máis de 5 minutos ó segundo clasificado en liña de meta. Dende o C.D. Biosbarido amosan a súa satisfacción de recuperar a dous dos seus deportistas, pois tanto Iván Sangiao como Juan Miguel están a recuperarse progresivamente de distintas patoloxías que levan sufrindo os últimos meses.

Rematada a tempada os deportistas do C.D. Biosbarido desfrutarán das últimas probas do ano, xa a nivel popular como a Lugo Monumental que terá lugar o vindeiro 18.

## Rematando ben o ano

Por Adrián Fernández

Chegamos ao final do 2022, un ano moi bo para o breoganismo, rematando cun mes de decembro moi positivo en canto a xogo e resultados.

Viaxabamos a Xirona despois de tres derrotas e cos ánimos un pouco baixos para afrontar un encontro moi importante, pero o equipo foi quen de deixar a un lado os resultados anteriores e conseguiu romper a mala xeira gañando por 66-73 na casa dun rival directo grazas a un parcial de 0-11 ao noso favor no último cuarto da man de Bamforth e Nenadic.

De volta xa en Lugo e cun cambio de actitude agardabamos ao Barcelona, encontro declarado día do Clube polo que os aboados tiñan que marcar tamén a entrada, pero que non evitou o cheo no Pazo para ver aos de Jasikevicius. Un partido moi igualado con moitos cambios de vantaxe no marcador que só a ampla experiencia dos xogadores do clube catalán foi o que conseguiu que se levaran a vitoria por 74-78.

Coa sensación de volver ser competitivos, tocaba ir a Sevilla a xogar contra o Betis. Dende o comezo os dous equipos demostraron ter o día de cara ao aro o que convertiu o partido nunha competición por ver quen era capaz de meter máis canastas dende a liña de tres puntos, por sorte foi o Breogán e gañou por 84-89 pese aos 30 puntos de Evans, grazas a Happ e

a Momirov, que xogou o seu mellor partido ata o momento.

Para rematar o ano recibiamos outro equipo de Euroliga, o Baskonia, outra vez con boas sensacións trala vitoria en Sevilla. Nótase cando o equipo xoga sen presión porque outra vez competiu de ti a ti contra un rival superior, un rival que veu impoñer o seu ritmo alto dende o comezo e que se foi ao final do primeiro cuarto 13-25. O Breogán non se rendiu e conseguiu remontar ata chegar a só dous puntos de desvantaxe pero o Baskonia tirou de calidade e levouse a vitoria por 77-86.

Pese a esta última derrota, o Breogán pechou un ano moi bo, cun balance de 6-7 no que catro das seis vitorias foron coma visitante, isto podería parecer negativo porque sabemos que necesitamos a fortaleza do Pazo, pero hai que ter en conta que as derrotas foron todas contra rivais dun nivel superior (Barsa, Baskonia, Valencia, Gran Canaria e Tenerife) e que agora teñen que vir os rivais da nosa liga, e a moitos deles xa lles gañamos nas súas casas.

Cun Breogán que semella asentado na Liga ACB no que non só parece ir ben o plano deportivo, se non que tamén no plano administrativo, xa que a xunta de accionistas aprobou un presuposto que rematou con saldo positivo, despedimos o ano 2022 e damos a benvinda a un 2023 que esperamos sexa tan bo como o anterior.

# COLABORACIÓN

## Falando con Emérita Portela Ares Traballadora social da Fundación Meniños de Lugo

### RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

**A** primeira conversa que manteño este ano, 2023, é cunha profesional que traballa na provincia de Lugo, dentro da Fundación Meniños, cun colectivo que a min preocúpame moito porque penso que hoxe máis que nunca é moi vulnerable por moitas razóns. Estou a falar das crianzas, sobre todo das nenas e nenos en risco social.

#### Cal é, concretamente, o campo de traballo desta fundación?

Como entidade sen ánimo de lucro, a Fundación Meniños traballa dende hai máis de vinte cinco anos en prol dos Dereitos da infancia, fomentando o bo trato e, por suposto, a protección dos nenos e nenas e, tamén, dos adolescentes.

#### E como traballadora social cal é a túa función?

Levo o Programa de Integración Familiar xa que o obxectivo principal de Meniños é garantir o dereito da infancia e a adoles-

encia a vivir en familia.

Na actualidade, temos en activo unhas trinta e cinco familias derivadas polo Equipo Técnico do Menor da Xunta.

**Nestes tempos, aínda que a institución familiar persiste, supoño que te atoparás situacións moi diversas?**

Si claro, e para dar resposta a diferentes demandas, dentro deste programa de Integración familiar hai tres áreas:

-A de Preservación familiar: sendo o seu obxectivo evitar a separación do nena ou neno do núcleo familiar, é dicir, as nenas e os nenos viven coas súas familias, pero nunhas condicións vulnerables, non só por razóns socio-económicas, senón tamén por dificultades educativas e relacionais entre outras.

-A de Reunificación familiar: cando os nenos e nenas están xa nos centros ou familias de acollida e se traballa para a súa volta ao fogar familiar. Realízanse cambios nas dinámicas familiares e soluciónanse dificultades sociais para que poidan regresar en axeitadas condicións.

-A area de Funcionalidade familiar: cando as dinámicas familiares teñen un alto deterioro

e coa intervención preténdese cambiar esa dinámica e que a familia adquira unha funcionalidade mínima e necesaria.

Nas familias xorden complicacións que non saben como manexalas. Por exemplo, en situacións de divorcios, nas separacións, por ausencias dalgún proxenitor cando teñen dificultades entre os adultos e non saben solventalas de forma adecuada. Outras situacións poden ser familias monoparentais, membros da familia con algunha enfermidade (ultimamente, destacan as mentais), estadias no cárcere... sen esquecer os casos de Violencia de Xénero e de Violencia Intrafamiliar.

Tamén realizamos intervencións cando as familias utilizan métodos educativos non axeitados, como é o emprego do castigo físico.

Os pais educan, na maioría das ocasións como foron educados e criados eles. Aprenderon formas non correctas. Nestes casos, o noso traballo céntrase en orientar sobre estratexias de disciplina positiva, fomentando a capacidade empática dos pais e nais.

E se chegan a ser conscientes do dano que se provoca á nena ou neno, poden acadar importantes cambios nas dinámicas intrafamiliares.

#### Consideras que o mellor para un neno ou nena é estar coa súa familia?

O mellor é que medren nunha unidade familiar. Se é coa biolóxica ten que haber sempre un bo trato e, senón o hai, traballar para acadalo e, se isto non é posible, facilitar que poidan vivir nun ambiente familiar axeitado, no que lle cubran as distintas necesidades (físicas, afectivas, de estimulación, emocionais, etc.). O que si necesitan os nenos e nenas é persoas que sexan uns referentes estables e o afecto incondicional ao mesmo tempo que se lles transmiten límites para que acaden un autocontrol interno.

Os fillos e fillas non son da propiedade dos proxenitores, son persoas independentes e como sociedade temos a responsabilidade do seu coidado e crianza de forma axeitada.



#### Canto tempo dura a vosa intervención?

Normalmente, dous anos, en función da intervención pode cesar antes ou, noutros casos, pódese prorrogar por un tempo acordado co Equipo Técnico do Menor.

#### Que outros programas levades a cabo?

Na actualidade, na sede de Lugo estanse a levar tres programas máis:

Un de atención pre e perinatal para nais en dificultade social, no que se proporciona un acompañamento durante o embarazo e a primeira crianza a nais que polas súas circunstancias sociais, emocionais ou psicolóxicas o precisen. O obxectivo é fomentar un vínculo nai-bebé seguro e estable que favoreza a protección da crianza.

Outro dirixido á intervención terapéutica con persoas vítimas de abuso e/ou violencia sexual, que á súa vez desgránase en dous, un específico para nenas, nenos e adolescentes e outro para persoas adultas.

E, por último un programa di-

rixido ao traballo terapéutico con nenas e nenos vítimas de violencia de xénero e ao seu eido familiar.

O obxectivo destes dous últimos programas, é ofrecer un tratamento destinado á recuperación da ferida psicolóxica producida por estes tipos de situacións traumáticas, como o abuso sexual e a violencia de xénero. Por último, tamén somos unha entidade "prestadora" de servizos terapéuticos dentro do programa Caixa Pro Infancia.

#### Como se pode colaborar con Meniños?

A través de voluntariado en programas como apoio escolar, respiro familiar e apoio á familia en tarefas complementarias á intervención familiar. Outro programa de voluntariado é o de Lexit lectura que consiste en ler aos nenos unha hora á semana. Outras formas de colaboración é ser familia acollidora ou adoptiva; facéndose socia ou socio a través dunha aportación estable ou periódica; ou tamén apoiar mediante unha doazón puntual...

### O RECUNCHO DE CANELINA



## Animación navideña no Rural

### COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

**I**ndependentemente de como viva cada quen esta época do ano, non cabe dúbida que son unhas datas significativas para todos nosoutros. Existen uns hábitos e costumes que en maior ou menor medida seguimos; desde as comidas e ceas típicas, de traballo e familiares, ata reencontros cos que non sen ven en tempo, sen esquecer, por suposto, a lotaría ou os agasallos, o Nadal con maiúsculas condiciona a vida da xente e ninguén

por moito que o pretenda, logra evadirse. Sen ningún xénero de dúbidas.

O significado relixioso tamén está aí, non se pode negar. O mundo Cristián conmemora o nacemento do Neno Xesús en Belén de Xudea, o berce da relixión que se iría estendendo cara Occidente e á que a pertencen máis de mil millóns de persoas no conxunto do planeta. E nosoutros, os galegos, crentes e non crentes, practicantes ou non, estamos masivamente nese grupo.

O nadal sempre se celebrou con entusiasmo nas zonas rurais do País; non hai máis que escoitar as historias dos maiores quen narran como se xuntaban e per-

corrían as aldeas de casa en casa para cantar os reis e recibir o anigaldo. En épocas de escaseza, existía un lugar para a esmorga, a alegría e a esperanza. Sen moitos luxos, mellor dito, case sen ningún, pero con ilusión.

Co paso do tempo, paseniño veuse asistindo a unha merma considerable da poboación. Cada vez menos nenos, cada vez máis vellos e por conseguinte, descenso do número de veciños, o que foi conducindo ao que todos sabemos e contemplamos, sen que se poda deter esta tendencia.

Pero aínda así, a realidade que semella tan negativa non derrotou a fantasía de días tan sinalados. En tódolos concellos se esmeran

por iluminar e adornar alomenos as rúas das capitais municipais, dándolle o toque durante un mes, con luces de cores que alegran a vista. Cómpre engadir tamén os aportes de particulares, quen engalanan as súas casas, non só para dentro, senón tamén por fóra, facendo partícipes aos viandantes do seu inxenio. Outros non teñen reparo en colocar a árbore en lugar visible, ou poñer un nacemento para o disfrute de quen o queira ver.

Os concellos, como a administración pública máis próxima aos cidadáns, tamén poñen da súa parte. Así, a tradicional cabalgata de reis, o cinco de xaneiro, onde se fan as delicias non só dos

máis pequenos, senón tamén do conxunto dos veciños e veciñas, que disfrutaban da chegada das súas maxestades, ben en carros tirados por vacas rubias, ou ben en tractor. Calquera medio de transporte é válido. E como non, incluso mercadillos como o que se celebra en Begonte, que na súa segunda edición semella plenamente consolidado, e no cal comprobamos como emprendedores de diferentes puntos xeográficos acudiron a vender os seus produtos, desde alimentarios ata artesanais.

Todo elo contribúe a dinamizar as zonas rurais e a darlles un valor que sempre tiveron e que nos temos que negar a que o perdan.

## Ensino e Redes Sociais

### O PUPITRE



Julio Díaz

**U**n de cada tres adolescentes no noso país fai un mal uso das redes sociais, segundo un informe de Unicef. O estudo, no que participaron máis de 50.000 estudantes da ESO, revela que preto do 91% dos enquisados conéctase a internet todos ou case todos os días e, a maioría, senten relaxación, alegría ou diversión ao facelo.

As redes sociais xogan un papel clave no actual mundo dixital, xa que modifican a forma en que planificamos, interactuamos e, mesmo, gozamos das nosas vidas. Son múltiples as vantaxes das redes sociais na educación se somos capaces de aplicalas de xeito adecuado nas nosas clases. O mundo da educación non pode quedarse á marxe da profunda transformación dixital no que estamos inmersos e debe ir incorporando cambios que nos leven a un bo uso das distintas aplicacións, tanto por parte dos docentes como dos alumnos, no que se refire á xestión de tarefas, as clases

online, as aulas virtuais, á robótica... gústenos ou non, os nosos estudantes son nativos dixitais e nin o ensino nin o profesor somos quen de evitar esa realidade.

As redes sociais teñen múltiples vantaxes; fai anos era inimaxinable a relación e convivencia de alumnos de diferentes lugares a miles de quilómetros, promovendo deste xeito unha socialización global dos mesmos desde diferentes culturas.

As diferentes redes sociais tamén axudan ao alumno a fomentar a participación, a atopar recursos e, ademais, ponlle ao alcance da súas mans unha gran cantidade de información, ca vantaxe engadida que estes recursos están en constante actualización, polo que son perfectos para tratar temas de total actualidade.

O conxunto de habilidades requiridas aos estudantes do século XXI sufriron unha profunda mutación con relación a épocas pasadas, sendo as redes sociais as que xogan agora un papel clave para axudar aos nosos alumnos a desenvolverlas. Pero non se trata só dun lugar de aprendizaxe senón tamén dun espazo para a creatividade, a colaboración e a comunicación. Agora ben, que

os nosos rapaces sexan nativos dixitais non sempre se traduce en que teñan as competencias tecnolóxicas axeitadas. Usar as redes sociais no entorno educativo e con fins educativos contribuirá a que se decaten da súa utilidade profesional e formativa mais alá do ámbito do ocio e do entretemento.

Dito todo o anterior, e ante a recente proposta presentada no Observatorio Estatal da Convivencia Escolar de que os docentes asuman a vixilancia do uso das redes sociais por parte do alumnado monitorizando os comentarios e os hashtags, hai que sinalar que este procedemento está inspirado nun estudo elaborado polo Instituto Nacional de Ciberseguridad (INCIBE), seguindo a liña emprendida por algúns centros de ensino norteamericanos. Con todo, estes centros encargaron a empresas especialistas en monitorización este seguimento para controlar o que poñen os seus estudantes nas distintas redes sociais como Facebook, Twitter, Tuenti, Instagram... Deste xeito, resulta moi discutible atribuír esta función ao profesorado, entre outros motivos, por carecer o colectivo docente de cobertura



legal ante a responsabilidade civil e penal que puidera derivarse de dita actividade.

Como docentes, asumimos con seriedade e rigor o noso papel na prevención e detección do ciberacoso desde a nosa condición de formadores, pero outra cousa distinta e a vixilancia do uso das redes sociais que supón necesariamente a intromisión nas contas persoais privadas do alumnado, cuestión esta que compete os proxenitores no caso de menores de idade, é a outras instancias superiores no caso dos maiores de

idade.

O profesorado debemos implicarnos orientando ás familias e aos nosos estudantes nun uso adecuado das redes e de internet, transmitíndolle aos pais a mensaxe da importancia de controlar e supervisar o uso que os menores fan das TICs, tendo eles a obriga de fomentar nos seus fillos un uso adecuado das novas tecnoloxías e trasladarlles ao mesmo tempo as consecuencias e as reponsabilidades derivadas do mal uso que fagan da Web.

## DE RUTA EN RUTA

# Outeiro de Rei: a beleza paisaxística

Este roteiro percorre as ribeiras do río Miño e fermosos bosques nos que desfrutar da flora e a fauna

**E**n Outeiro de Rei, municipio chairego, o río Miño forma ao seu paso illas fluviais como as de Travanca, do Pazo, Seivane ou San Roque, embelecendo de maneira paulatina a paisaxe.

A beleza paisaxística é un dos principais atractivos deste concello, sen embargo o patrimonio histórico artístico é enorme. Do pasado dan fe abundantes restos arqueolóxicos como os castros. Interesantes son as mostras de arquitectura civil, algunhas da Idade Media como as fortalezas de Outeiro de Rei, Taboi e Sobrada, que foron testemuñas de non poucos sucesos baixomedievais.

Esta fermosa ruta vai permitir coñecer as ribeiras do río Miño, atravesando zonas da Reserva da Biosfera Terras do Miño, área natural protexida de gran interese ambiental cunha gran riqueza paisaxística, fermosos bosques e gran variedade de especies vexetais e animais.

O roteiro comeza no núcleo de Outeiro de Rei, desde onde haberá que desprazarse á área recrea-

tiva de Santa Isabel, zona fluvial de gran beleza pegada ao río, rodeada dun gran bosque.

Desde aquí encamiñárase algo cara ao interior por camiños ata chegar ao núcleo de Robra e saír á estrada que levará a outra das zonas de baño e lecer máis coñecidas da contorna: a presa do Piago, onde no verán se xuntan moitas familias para bañarse nas augas do río.

Continúa ata chegar a unha ponte, onde hai dúas opcións para continuar a ruta: a normal que se desvía antes de cruzar a ponte, e a alternativa, máis bonita e menos transitada, que se desvía unha vez cruzado a ponte. Neste texto continuarase por esta última. Así camiñárase agora por un bonito carreiro pegado ao río ata chegar á ponte colgante que conecta coa Insua de Seivane, onde hai un refuxio de pescadores e un fantástico bosque, e que se pode percorrer na súa integridade.

Segue este precioso tramo ata a desembocadura do Narla, onde haberase que desviar pola Ponte do Caneiro, ata chegar á estrada de Ombreiro.

Despois atravesarase a ponte de Ombreiro e seguirase o camiño para acometer a segunda parte da ruta pola outra beira do Miño, tamén moi bonita.

Pasaremos polo límite co parque zoolóxico Marcelle ata saír de novo á altura da presa do Piago, onde conectará co mesmo camiño de ida e que levará aos viandantes de novo á área recreativa de Santa Isabel, onde rematará.



## DATOS



5 horas



19 km.



Dificultade fácil

No frenes su rendimiento.  
**FRENA SU MIOPÍA.**



Frena el avance  
**de la miopía**



Lentes de  
contacto



Lentes  
oftálmicas



**federópticos**  
Lukus-Audiocentro

Conde Pallares, 2  
27001 · Lugo

T. 982 245 617

T. 609 275 276

Nº R. S. E27-000138, E27-000394

